cooperacióngalega

INFORME 2019

da cooperación galega

XUNTA DE GALICIA

Edita:
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Textos e coordinación editorial:
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Maquetación e deseño:
Teófilo Comunicación | www.teofilocomunicacion.com

Fotografías:
Cedidas polos distintos axentes de cooperación
Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

cooperaciónGalega

INFORME 2019

da cooperación galega

XUNTA DE GALICIA

Índice

Prólogo do vicepresidente primeiro e conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Turismo.....páx. 7

1. Introdución: marco normativo de referencia.....páx. 9

2. A cooperación galega 2019 en cifras.....páx. 13

3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación
galega 2018-2021.....páx. 27

4. Actuacións de cooperación no exterior.....páx. 43
4.1. Convocatoria 2019 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes.....páx.43
4.2. Convocatoria 2018 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes.....páx.73
4.3. Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior.....páx.81
4.4. Actuacións doutras consellerías.....páx.94

5. Axuda humanitaria e de emerxencia.....páx. 97
5.1. Convocatoria para proxectos de acción humanitaria.....páx.97
5.2. Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia.....páx.102

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.....páx. 129
6.1. Convocatoria 2019 de proxectos de educación para o desenvolvemento
e a cidadanía global.....páx.129
6.2. Convocatoria 2018 de proxectos de educación para o desenvolvemento
e a cidadanía global.....páx.146
6.3. Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento
e a cidadanía global.....páx.149
6.3.1. Convenios de colaboración do ano 2019.....páx.149
6.3.2. Convenios de colaboración do ano 2018.....páx.152
6.4. Convocatoria 2019 de proxectos e de creación de grupos de investigación
para o desenvolvemento.....páx.152

7. Actuacións de consolidación e fortalecemento.....páx. 161
7.1. Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento.....páx.161
7.1.1. Convenios de colaboración do ano 2019.....páx.161
7.1.2. Convenios de colaboración do ano 2018.....páx.163

8. Formación.....páx. 165
8.1. Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento.....páx.165
8.2. Cursos de formación.....páx.166
8.3. Outras actividades formativas.....páx.166

9. Coordinación interadministrativa.....páx. 171
9.1. Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode).....páx.171
9.2. Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.....páx.172
9.3. Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia.....páx.173
9.4. XII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento.....páx.174
9.5. I Xornadas nacionais de educación para o desenvolvemento e ODS.....páx.175
9.6. Reunións de coordinación coa cooperación española.....páx.176
9.7. Convenio coa AECID para formación de persoas bolseiras nas UCE.....páx.177

10. Viaxes, visitas e actos institucionais.....páx. 179
10.1. Viaxes de cooperación ao exterior.....páx.179
10.2. Visitas institucionais a Galicia.....páx.181
10.3. Actos institucionais.....páx.183

11. Transparencia e rendición de contas.....páx. 187
11.1. Publicacións.....páx.187
11.2. Avaliacións.....páx.187



Prólogo

Presentamos neste documento o Informe 2019 da Cooperación Galega, no que damos conta á cidadanía das actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para dar cumprimento aos nosos compromisos coa cooperación para o desenvolvemento, recollidos no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021.

Un dos primeiros compromisos cumpridos foi o de dotar o Plan anual 2019 da Cooperación Galega cun orzamento inicial de 5,6 millóns de euros, superior nun 11,61 % respecto ao do ano 2018, nunha clara aposta da Xunta de Galicia por esta política pública. Ademais, o orzamento inicial viuse incrementado en 500.000 € transferidos pola Secretaría Xeral da Igualdade, procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para seren destinados a proxectos nese ámbito dirixidos a persoas refuxiadas. Estes fondos permitiron o financiamento de oito proxectos, a través da sinatura dos correspondentes convenios de colaboración con diferentes organizacións especializadas en acción humanitaria, cos que se beneficiaron arredor de 20.000 persoas refuxiadas, na súa maioría mulleres e nenas, converténdose Galicia na comunidade pioneira en destinar recursos procedentes do Pacto de Estado conta a Violencia de Xénero a este tipo de proxectos.

Un ano máis, a dotación final do Plan anual 2019 foi executada ao 100 %, permitindo o financiamento dun total de 97 actuacións de cooperación no exterior, acción humanitaria e educación para o desenvolvemento, dos que 41 teñen continuidade e financiamento comprometido para 2020. Ademais, as actuacións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria financiadas desenvolvéronse ou están a desenvolverse en 27 países.

Ao longo deste informe poderán comprobar como a través das actuacións desenvolvidas durante o ano 2019 a Cooperación Galega segue a ser unha cooperación especializada e cun elevado nivel de execución orzamentaria, o que xa é o noso sinal de identidade. Así mesmo, con este informe, xunto coa información periódica e puntual que recollemos na nosa páxina web, queda garantido o principio de transparencia da actuación administrativa.

Coa execución do Plan anual 2019 rematamos o primeiro bienio do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, avanzando naqueles obxectivos e resultados a que nos comprometemos, de forma que ao rematar o período de planificación poidan estar plenamente acadados.

Non quero esquecer neste prólogo o relevante papel das ONGD e do resto dos axentes galegos de cooperación para o desenvolvemento, que complementan moi eficazmente o labor da Administración pública, tanto na planificación da política de cooperación como na execución dos proxectos.

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo



01 Introdución:

marco normativo de referencia

O marco normativo galego no ámbito da cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria vén establecido nos seguintes instrumentos:

» A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia, que pon de manifesto o interese, a responsabilidade e a solidariedade da sociedade civil galega e as súas institucións coa eliminación da pobreza no ámbito mundial.

» A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que modificou os artigos 20, 21 e 22 da Lei 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento, revisando o deseño dos espazos de participación previstos nela: o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode), que ve ampliadas as súas competencias e asume as que tiña a Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento (Cintercode) e a Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento (Cincode), que desaparecen coa modificación da lei, unificando nun só órgano a totalidade das funcións de consulta, participación e avaliación en materia de cooperación para o desenvolvemento de acordo cos criterios de racionalización, eficacia e eliminación de duplicidades e co fin de acadar a concentración da participación de todos os sectores involucrados na planificación, avaliación e xestión da política galega de cooperación ao desenvolvemento.

» O Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento. Este decreto, que derroga o Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, modificado polo Decreto 90/2011, do 5

de maio, leva a cabo o desenvolvemento necesario de leis transversais que inciden na materia:

› A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que introduce a preceptiva solicitude por parte dos concellos do informe da existencia de duplicidade en actuacións que pretenda levar a cabo nesta materia.

› A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que recolle preceptos en relación coa cooperación das entidades locais, cos órganos de coordinación e asesoramento da cooperación galega e cos empregados públicos, respectivamente, fai necesario desenvolver a devandita normativa.

O Plan anual 2019 da cooperación galega (cuxos resultados son obxecto deste informe) enmárcase no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, que foi aprobado polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento o 18 de abril de 2018, polo Consello da Xunta de Galicia o 3 de maio de 2018 e, finalmente, polo Parlamento de Galicia o 22 de xuño de 2018.

O IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021 enmárcase na nova axenda global de desenvolvemento, definida pola Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas. Este marco de acción, que substitúe á Declaración do Milenio e os seus Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), constitúe o referente para as políticas de cooperación e desenvolvemento, para os instrumentos de financiamento e para as alianzas no ámbito mundial. A Axenda 2030 e os seus Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) demandan unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sustentables nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países cos que se asocia a cooperación galega, promovendo alianzas para a conservación do noso planeta, a construción da paz, a realización dos dereitos humanos e unha prosperidade compartida. Así mesmo, daráselles continuidade aos procesos para fortalecer un sistema galego de cooperación máis estratéxico, eficaz, coordinado e complementario, poñendo en valor a experiencia e capacidades dos actores públicos e dos axentes de cooperación para a consecución de logros colectivos no marco dos ODS.

Dentro do proceso de consolidación da mellora da calidade e eficacia da cooperación galega, a nova estratexia presenta as seguintes características diferenciadoras:

» O aliñamento coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, contribuíndo aos esforzos colectivos da cidadanía galega e dos actores públicos e axentes de cooperación para a consecución dos ODS.

» A continuidade na planificación estratéxica baseada no modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento,

que reforza, pola súa vez, a identidade, as vantaxes comparativas e o valor engadido da cooperación galega.

» A previsibilidade dos recursos dispoñibles no marco dun crecemento sustentable do Programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento da Xunta de Galicia.

» A transparencia e promoción dunha participación ampla e activa dos actores e axentes galegos de cooperación durante o seu proceso de elaboración, de tal xeito que resulte coherente cos principios dunha política pública participativa e participada.



02 A cooperación galega 2019 en cifras

A modo de resumo, a execución do Plan anual 2019 traducida a cifras sería a seguinte:

» Un orzamento final de 6.110.711 € procedentes do programa 331-A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento, incluídos 500.000 € transferidos pola Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aos que lles habería que engadir 100.000 € de gastos correntes do capítulo II do programa 111-E de funcionamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante, DXRREE e coa UE).

» Un 100 % de execución orzamentaria e das actuacións previstas no Plan anual.

» Un 100 % dos compromisos adquiridos pagos.

» Continuidade dos 39 proxectos cuxo financiamento foi aprobado no ano 2018 (no marco das diferentes convocatorias ou a través da sinatura de convenios) e que tiñan anualidade 2019.

» Publicación e resolución de 5 convocatorias públicas de axudas para proxectos de cooperación no exterior, de educación para o desenvolvemento, de acción humanitaria e de proxectos de investigación para o desenvolvemento promovidos polas universidades e centros de investigación galegos, cun total de 42 proxectos aprobados (dos que 36 teñen continuidade e financiamento comprometido para o 2020).

» Publicación e resolución da convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.
» 20 novos convenios de colaboración e 2 addendas asinadas con diferentes entidades.

» 117 actuacións financiadas con cargo ao orzamento do ano 2019.

» Intervencións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria financiadas en 27 países e nos campamentos de refuxiados saharauís.

» Un 74 % do orzamento operativo de gastos destinado a convocatorias públicas.

» Un 75,6 % do orzamento operativo de gastos destinado a ONGD.

» Un 14 % do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

» Un 18 % do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de acción humanitaria.

» Un 64 % do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de cooperación para o desenvolvemento.

» Avaliación de 24 proxectos de cooperación financiados en Honduras e O Salvador nos últimos anos.

» 395.316 € procedentes dos orzamentos doutras consellerías destinados a cooperación para o desenvolvemento.

» 6,6 millóns de euros dos orzamentos da Xunta de Galicia destinados a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) no 2019.

Táboa 1. Distribución do orzamento da cooperación galega no ano 2019[1]			
CAPÍTULO	CONCEPTO	ORZAMENTO	
		Inicial	Final
Capítulo I	Gastos de persoal	502.209,00 €	502.209,00 €
Capítulo II	Gastos de funcionamento	100.000,00 €	100.000,00 €
Capítulo IV	Transferencias correntes	4.086.664,00 €	4.787.722,33 €
	Transferencias institucións sen fins de lucro	520.000,00 €	526.675,00 €
	Transferencias a universidades	115.007,00 €	115.007,00 €
	Actuacións de cooperación no exterior	3.128.657,00 €	3.829.715,33 € (*)
	Convenio CGONGD	90.000,00 €	90.000,00 €
	Convenio Fondo Galego	60.000,00 €	60.000,00 €
	Bolsas formación en cooperación	95.000,00 €	87.800,00 €
	SS bolsas formación en cooperación	3.000,00 €	3.525,00 €
	Convenio Fondo Humanitario AECID	50.000,00 €	50.000,00 €
	Convenio SOGAPS	25.000,00 €	25.000,00 €
Capítulo VI	Investimentos reais	60.000,00 €	105.305,50 €
Capítulo VII	Transferencias de capital	961.838,00 €	715.474,17 €
	Actuacións de cooperación no exterior	911.838,00 €	665.474,17 €
	Convenio SOGAPS	50.000,00 €	50.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO DXRREE E COA UE (Área de Cooperación para o Desenvolvemento)		5.710.711,00 €	6.210.711,00 €
Consellerías			395.316,00 €
Consellería de Política Social			75.000,00 €
Consellería de Sanidade			245.316,00 €
Augas de Galicia			75.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO XUNTA DE GALICIA			6.606.027,00 €

(*). Incorporados 500.000 € transferidos da Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

1. Na táboa 2 e seguintes téñense en conta exclusivamente as achegas da DXRREE e coa UE, non as doutros departamentos da Xunta de Galicia.

Ao final do ano 2019 os recursos totais destinados pola Xunta de Galicia a cooperación para o desenvolvemento foron superiores aos inicialmente previstos no plan anual, debido ao financiamento de actuacións a través de fondos procedentes doutros programas orzamentarios diferentes ao específico de cooperación exterior.


Táboa 2. Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2019

	TIPO DE INSTRUMENTO	NÚM. INTERVENCIÓNS	IMPORTE	
Cooperación para o desenvolvemento	Proxectos ONGD	31	2.763.097,07 €	3.585.189,50 €
	Outros axentes	6	479.264,09 €	
	Convenios	6	342.828,34 €	
Acción humanitaria	Convocatorias	4	279.891,52 €	1.035.000,00 €
	Convenios e addendas	13	755.108,48 €	
Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	27	469.405,13 €	791.682,00 €
	Convenios	5	247.276,87 €	
	Investigación para o desenvolvemento	5	75.000,00 €	
Formación	Bolsas de formación	6	91.325,00 €	91.325,00 €
Outros	Asistencias técnicas (avaliacións, estudos, informes etc.)		105.305,50 €	105.305,50 €
TOTAL				5.608.502,00 €

Tal e como se desprende da táboa 2, no ano 2019 foron destinados a gastos de actividades un total de 5.608.502,00 €, o que representa un 91,78 % do orzamento final de cooperación da DXRREE e coa UE.

Táboa 3. Distribución xeográfica da axuda de cooperación para o desenvolvemento da DXRREE e coa UE

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (€)	NÚM. INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
América do Sur	Bolivia	70.000,00	1	1,95 %
	Ecuador	69.566,20	1	1,94 %
	Perú	508.199,34	7	14,17 %
América Central e Caribe	O Salvador	371.913,86	4	10,37 %
	Guatemala	865.929,66	9	24,15 %
	Honduras	330.000,00	3	9,20 %
	Nicaragua	396.988,20	5	11,07 %
	República Dominicana	505.382,76	6	14,10 %
	Cuba	14.000,00	1	0,39 %
África	Cabo Verde	50.558,70	1	1,41 %
	Guinea Bissau	190.078,58	2	5,30 %
	Mozambique	142.572,20	2	3,98 %
	Serra Leoa	70.000,00	1	1,95 %
TOTAL		3.585.189,50	43	100,00 %




No IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 (IV PD) ampliouse de 10 a 11 o número de países prioritarios e engadiuse de novo Guinea Bissau, xa presente no II Plan director. Tal e como amosa a táboa 3 e o seu gráfico adxunto, durante o ano 2019 executáronse intervencións de cooperación para o desenvolvemento en 13 países, logrando un bo grao de concentración.

Polo que respecta á distribución xeográfica da acción humanitaria, como se desprende da táboa 4, financiáronse actuacións de axuda humanitaria e de emerxencia en 16 países e nos campamentos saharauís.

Táboa 4. Distribución xeográfica da acción humanitaria

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (€)	NÚM. INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
África	Campamentos de refuxiados saharauís	91.660,00	2	8,86 %
	Malawi	69.916,51	1	6,76 %
	Mozambique	18.397,26	2	1,78 %
	Rep. Centroafricana	70.000,00	1	6,76 %
	Rep. Democrática do Congo	10.242,27	1	0,99 %
	Níxer	48.335,00	2	4,67 %
	Uganda	216.062,26	3	20,88 %
	Kenya	40.000,00	1	3,86 %
Asia	Líbano	170.000,00	2	16,43 %
	Siria	13.562,27	1	1,31 %
	Territorios palestinos	79.287,27	2	7,66 %
	Israel - Xerusalén Leste	8.335,00	1	0,81 %
	Bangladesh	40.000,00	1	3,86 %
América do Norte	México	40.000,00	1	3,86 %
América Central e Caribe	Mesoamérica	100.000,00	2	9,66 %
América do Sur	Ecuador	10.867,16	1	1,05 %
	Venezuela	8.335,00	1	0,81 %
TOTAL		1.035.000,00	25	100,00 %



O IV PD propón unha nova lista de cinco ámbitos estratéxicos para a cooperación galega. A delimitación destas prioridades sectoriais obedece, por unha banda, á aspiración de promover a Axenda 2030 e os ODS, abranguendo as súas cinco esferas (persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariado/alianzas) e, por outra, a coherencia cos valores diferenciais e a especialización da cooperación galega dentro da súa experiencia e traxectoria.

1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.

2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.

3. Impulsar a equidade de xénero e mais o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.

4. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.

5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Establécese que, como mínimo, o 90 % do total da axuda que desembolsa a DXRREE e coa UE

se destine a estes cinco ámbitos estratéxicos, de forma tal que o 60-75 % desta axuda irá enfocada a reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior (primeiros tres puntos); o 10-15 % a asegurar unha acción humanitaria integral e de calidade (punto 4); e o 10-15 % restante a desenvolver operativamente a estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega (punto 5).

Táboa 5. Distribución sectorial


SECTOR IV PD COOPERACIÓN GALEGA	IMPORTE (€)	PORCENTAXE ACADADA 2019 SOBRE ORZAMENTO OPERATIVO (cap. IV, VI, VII)	PORCENTAXE ACADADA 2019 SOBRE AXUDA DESEMBOLSADA A TRAVÉS DE CONVOCATORIAS E CONVENIOS	PORCENTAXE OBXECTIVO DO IV PD
1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	1.912.558,55	34,10 %	34,75 %	60-75 %
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	799.006,65	14,25 %	14,52 %	
3. Impulsar a equidade de xénero e mais o apoderamento e o exercicio dos dereitos das mulleres e da infancia.	873.624,30	15,58 %	15,87 %	

Táboa 5. Distribución sectorial

SECTOR IV PD COOPERACIÓN GALEGA	IMPORTE (€)	PORCENTAXE ACADADA 2019 SOBRE ORZAMENTO OPERATIVO (cap. IV, VI, VII)	PORCENTAXE ACADADA 2019 SOBRE AXUDA DESEMBOLSADA A TRAVÉS DE CONVOCATORIAS E CONVENIOS	PORCENTAXE OBXECTIVO DO IV PD
4. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.	1.035.000,00	18,45 %	18,81 %	10-15 %
5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.	791.682,00	14,12 %	14,39 %	10-15 %
TOTAL	5.411.871,50	96,49 %	98,34 %	100 %

Se consideramos os intervalos de porcentaxes establecidas como obxectivo no IV PD, obsérvase que se acadaron os mínimos propostos en todos os sectores.


Táboa 6. Distribución por tipo de instrumento			
TIPO DE INSTRUMENTO	IMPORTE (€)	DESAGREGACIÓN	IMPORTE (€)
Convocatoria	4.157.982,81	Proxectos ONGD	2.763.097,07
		Outros axentes	479.264,09
		Acción humanitaria	279.891,52
		Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	469.405,13
		Investigación	75.000,00
		Bolsas de formación	91.325,00
Convenios	1.345.213,69	Cooperación ao desenvolvemento	342.828,34
		Acción humanitaria	755.108,48
		Educación para o desenvolvemento	247.276,87
Cap. VI	105.305,50		105.305,50
TOTAL			5.608.502,00



Polo que respecta á repartición da axuda en función do instrumento empregado, segundo se desprende da táboa 6, a cooperación galega segue apostando pola canalización de fondos a través de convocatorias públicas de axuda, empregando os convenios de colaboración de maneira excepcional.

Táboa 7. Distribución por tipo de axente

TIPO DE AXENTE	IMPORTE (€)	NÚM. INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE
ONGD	3.770.893,30	67	69,68 %
Agrupacións mixtas	391.457,36	10	7,23 %
Outros	429.882,94	5	7,94 %
Universidades	133.065,70	5	2,46 %
Empresas	142.572,20	2	2,63 %
CGONGD	90.000,00	1	1,66 %
Fondo Galego	60.000,00	1	1,11 %
Axencias internacionais	344.000,00	4	6,36 %
AECID	50.000,00	1	0,92 %
TOTAL	5.411.871,50	96	100,00 %



Dado que, a excepción dos convenios e da convocatoria doutros axentes para proxectos no exterior e a convocatoria de investigación para o desenvolvemento, o resto de convocatorias é exclusivo para ONGD, a distribución das axudas por tipo de axente establecida na táboa 7 e no seu gráfico adxunto amosa, como xa é habitual, a preponderancia das intervencións executadas a través das ONGD, que representa o 69,68 % dos recursos destinados ao financiamento de proxectos.



03 Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 1 A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO ESTRATÉXICO COA AXENDA 2030 E OS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES[1]	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.1.1. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega.	1.1.1. Aprobada unha declaración institucional no Parlamento de Galicia en favor da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas.	1. Declaración institucional do Parlamento de Galicia.	Non se produciron avances neste eido no ano 2019.
	1.1.2. Constituído un grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.	2. Grupo Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.	Publicouse en novembro de 2019 o Decreto polo que se crea e regula a Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia.

1. Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do IV Plan director no 2021.

RESULTADO DE XESTIÓN 1 A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO ESTRATÉXICO COA AXENDA 2030 E OS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.	1.2.1. Número de reunións dos grupos de traballo do Congacode.	3. Actas dos grupos de traballo.	Unha reunión do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global o 18 de setembro.
L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.	1.3.1. O Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei xeral de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5 027 160 €), e garantirase un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4 %.	4. Orzamento do Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado.	O orzamento para o programa 331-A para o ano 2019 ascendeu a 6.110.711 €, (incluídos os 500.000 € transferidos pola Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o que supón un incremento con respecto a 2018 dun 21,55 %.

RESULTADO DE XESTIÓN 2 A COOPERACIÓN GALEGA CONCENTRA A SÚAAXUDA CON CRITERIOS DE EFICACIA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios.	2.1.1. Como mínimo o 90 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e coa UE concéntrase nos 11 países prioritarios.	5. Proxectos no exterior executados nos países prioritarios.	Máis do 97 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e coa UE concentrouse nos 11 países prioritarios.
L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados.	2.2.1. Un 20-25 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e coa UE destinada aos países menos adiantados.	6. Proxectos no exterior executados en países menos adiantados.	A axuda desembolsada nos países menos adiantados no 2019 (1.046.551,35 €) representa un 22,65 % de toda a axuda desembolsada no exterior (4.620.189,50 €).
L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.	2.3.1. Como mínimo un 20-30 % da axuda desembolsada en cooperación exterior ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global pola DXRREE e coa UE, dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo, ou que dean continuidade a intervencións previas.	7. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.	A porcentaxe de axuda desembolsada pola DXRREE e coa UE para proxectos no exterior e de educación para o desenvolvemento que foi dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas elevouse a un 40,94 % (2.295.917,61 €), tendo en conta o total da axuda desembolsada (5.608.502,00 €).

RESULTADO DE XESTIÓN 3 A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.	3.1.1. O 60-75 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento. 3.1.2. O 10-15 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria. 3.1.3. O 10-15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.	8. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos ámbitos estratéxicos.	O 65,14 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinouse aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento: promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (34,75 %), apoiar agricultura, pesca e acuicultura sustentables (14,52 %), e impulsar a equidade de xénero (15,87 %). O 18,45 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinouse ao ámbito estratéxico da acción humanitaria. O 14,12 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinouse ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

RESULTADO DE XESTIÓN 3
A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS

LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.	3.2.1. Un 20 % dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e coa UE destinarase a acción humanitaria. 3.2.2. Como mínimo, un 50 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e coa UE canalizarase por medio de convocatoria pública. 3.2.3. Número de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.	9. Proxectos financiados en acción humanitaria. 10. Convocatorias de acción humanitaria resoltas. 11. Convenios en acción humanitaria subscritos. 12. Achegas económicas realizadas ao Fondo humanitario común.	25 intervencións de AH financiadas en 2019, o que representa o 22,40 % (1.035.000 €) dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e coa UE (4.620.189,50 €). O 27,04 % (279.891,52 €) da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e coa UE (1.035.000 €) canalizouse por medio de convocatoria pública. Once convenios e dúas addendas (incluídos os 8 convenios no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero) subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada cos que se financiaron 21 intervencións.

RESULTADO DE XESTIÓN 3
A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS

LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.3.3. Executar a Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega.	3.2.4. Achegas económicas ao Fondo humanitario común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia. 3.3.1. Grao de execución da programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobada polo Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do Congacode.	13. Actas do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do Congacode. 14. Programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.	50.000 € achegados ao Fondo de emerxencias coordinado pola AECID mediante a sinatura no mes de outubro de 2019 dunha addenda relativa á prórroga do convenio asinado o 3 de outubro de 2018. Avanzouse no cumprimento do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global informando deste no marco da segunda reunión do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global que tivo lugar o 18 de setembro de 2019.

RESULTADO DE XESTIÓN 4
OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA COORDINAN E COMPLEMENTAN AS SÚAS ACTUACIÓNS PARA CONTRIBUÍR AOS RESULTADOS DE DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN ESPAÑOLA

LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.	4.1.1. Número de reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento, do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 e dos encontros de comunidades autónomas e cooperación nos que participa a Xunta de Galicia.	15. Reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española realizadas. 16. Reunións do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 realizadas. 17. Encontros de comunidades autónomas e cooperación realizados.	A Xunta participou no XII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para ao Desenvolvemento, que se realizou en Palma de Mallorca os días 21 e 22 de febreiro.
L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.	4.2.1. Un 20- 30 % da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e coa UE aos axentes de cooperación financia proxectos en agrupación.	18. Proxectos en agrupación financiados.	Un 25 % (1.386.956,23 €) da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e coa UE (5.503.196,50 €) aos axentes de cooperación financia proxectos en agrupación.

RESULTADO DE XESTIÓN 4 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA COORDINAN E COMPLEMENTAN AS SÚAS ACTUACIÓNS PARA CONTRIBUÍR AOS RESULTADOS DE DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN ESPAÑOLA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.4.3. Reforzar a colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación.	4.3.1. Número de actividades financiadas pola DXRREE e coa UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación portugueses.	19. Proxectos financiados pola DXRREE e UE.	O Fondo Galego, no marco do convenio asinado, realizou unha formación práctica relativa a "Intercambios con municipios portugueses sobre a implementación e localización dos ODS" e o "Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía: Os municipios, pezas clave do desenvolvemento"

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e coa UE.	5.1.2. Número de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento da capacidade da DXRREE e coa UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento.	20. Asistencias técnicas realizadas.	Contratáronse asistencias técnicas especializadas para as avaliacións ex ante dos proxectos presentados ás convocatorias e ex post de proxectos financiados pola cooperación galega, así como para a realización dun estudo diagnóstico sobre ODS de ámbito social, outro sobre o impacto das bolsas de formación e outro sobre a inclusión dun título de Cooperación para o Desenvolvemento na Lei reguladora da acción exterior da Xunta de Galicia. Así mesmo, contouse coa asistencia contratada para acción humanitaria.

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	5.2.1. Número de convenios formalizados pola DXRREE e coa UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	21. Convenios formalizados anualmente coa CGONGD, o Fondo Galego e universidades da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	Dous convenios asinados, un coa CGONGD (90.000 €) e outro co Fondo Galego (60.000 €) e garantizouse o compromiso adquirido no ano 2018 no convenio asinado coas universidades galegas (importe de 40.007 € para 2019).

RESULTADO DE XESTIÓN 5
OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS

LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.	5.3.1. Número de actividades de formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento. 5.3.2. Número de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas.	22. Informes de execución dos convenios formalizados coa CGONGD, Fondo Galego e universidades da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento. 23. Bolsas de formación de persoas expertas concedidas. 24. Estudo sobre o impacto das bolsas de formación de persoas expertas. 25. Estudo de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación, e sobre as necesidades de fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación.	O Fondo Galego, no marco do convenio asinado, realizou unha formación práctica, "Intercambios con municipios portugueses sobre a implementación e localización dos ODS" e o "Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía: Os municipios, pezas clave do desenvolvemento". A RGCUD realizou, entre outras actividades, catro obradoiros sobre ODS e Axenda 2030 para PDI nas universidades; un sobre "A USC de cara á implementación da Axenda 2030. O reto do cambio climático" e 9 para o alumnado do TFG-TFM sobre cooperación e EpD e sobre investigación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030, ademais da organización pola USC do VIII Congreso Universidade e Cooperación ao Desenvolvemento.

RESULTADO DE XESTIÓN 5
OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS

LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.	5.4.1. Un documento marco de avaliación da cooperación galega elaborado participativamente e divulgado. 5.4.2. Número de encontros realizados de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación abertos á cidadanía. 5.4.3. Número de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas. 5.4.4. Número de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de dous países prioritarios realizadas e difundidas.	26. Documento marco de avaliación da cooperación galega. 27. Encontros realizados de socialización, presentación de resultados e rendición de contas. 28. Convocatorias resoltas de investigación para o desenvolvemento. 29. Avaliacións de proxectos no exterior en dous países prioritarios.	A CGONGD, no marco do convenio asinado, organizou un curso de formación sobre avaliación de proxectos e iniciativas de EpDCG e outro sobre "Ciberactivismo, como identificar e combater discursos de odio". Así mesmo participou na organización dunha formación sobre EpDCG dentro da programación do Centro Autonómico de Formación e Información (CAFI) da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Concedéronse 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación: dúas na sede da DXRREE e coa UE e catro no exterior (República Dominicana, Guatemala, Perú e Mozambique). Realizouse unha avaliación ex post do programa de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional dende o seu inicio.

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.5. Darlle continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.	5.5.1. Ata o 70 % do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos.	30. Bases das convocatorias publicadas.	Non se produciron avances neste eido no ano 2019. Non se produciron avances neste eido no ano 2019, á espera da revisión dos criterios de avaliación que está sendo realizada polo CAD da OCDE. Un encontro para a presentación de resultados e rendición de contas da avaliación da última década de proxectos da cooperación galega en Honduras e O Salvador. Publicouse a convocatoria para proxectos de investigación e creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, resultando financiados 5 proxectos. Realizada unha avaliación de proxectos no exterior en Honduras e O Salvador. Respéctase o límite marcado no indicador.

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.6. Facilitar o acceso dos actores e axentes galegos a novas fontes de financiamento internacional.	5.6.1. Número de proxectos cofinanciados pola Xunta de Galicia aos axentes de cooperación aprobados por organismos internacionais nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios da cooperación galega.	31. Convenios de cofinanciamento formalizados.	Ao longo de 2019 non se recibiron propostas para o cofinanciamento destes proxectos.
L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega.	5.7.1. O 70-75 % da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e coa UE canalizarase a través de convocatorias públicas e o 25-30 % a través de convenios.	32. Informes anuais da cooperación galega.	O 74 % da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e coa UE destinouse a convocatorias públicas e o 24 % a convenios.

RESULTADO DE XESTIÓN 6
A CIDADANÍA GALEGA ACCEDE A UNHA INFORMACIÓN DE CALIDADE SOBRE OS LOGROS COLECTIVOS DA COOPERACIÓN GALEGA NA LOITA CONTRA A POBREZA

LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.	6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e coa UE en cooperación na páxina web da cooperación galega. 6.1.2. Número de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da cooperación galega. 6.1.3. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externas e independentes da execución do IV Plan director da cooperación galega realizadas e difundidas.	33. Páxina web actualizada da cooperación galega. 34. Informes anuais difundidos da cooperación galega. 35. Análise intermedia realizada do IV Plan director. 36. Avaliación final realizada do IV Plan director.	Actualización de contidos na páxina web da cooperación galega. Publicación do Informe 2018 da cooperación galega.



04 Actuacións de cooperación no exterior

4.1 Convocatoria 2019 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións, por unha parte, ás organizacións non gobernamentais e, por outra, ás universidades, ás empresas e organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación, para a execución de proxectos no exterior.

A orde que regula a convocatoria foi publicada no DOG do 15 de xaneiro de 2019. A dotación orzamentaria, plurianual, foi de 3.500.000 € , conforme á seguinte distribución:

» Proxectos no exterior de ONGD: 2.800.000 €

» Proxectos no exterior doutros axentes de cooperación: 700.000 €

Presentáronse un total de 45 proxectos (34 de ONGD e 11 doutros axentes), dos que foron subvencionados un total de 19 (17 proxectos de ONGD e 2 doutros axentes).

As convocatorias resolvéronse o día 2 de xullo e a concesión de subvencións publicouse no DOG do 8 de outubro de 2019.

A continuación ofrécese información dos proxectos aprobados ao abeiro da citada convocatoria.

Proxectos no exterior de ONGD

01. Mellora das capacidades técnicas e materiais da pesca artesanal salvadoreña e a súa cadea de valor para o exercicio dunha actividade segura e sustentable.

Axente: Asemblea de Cooperación Pola Paz agrupada coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

Contraparte: Asociación Fundación para la Cooperación y el Desarrollo Comunal de El Salvador - CORDES e Fundación de la Comunicación para el Desarrollo (COMUNICÁNDONOS)

Código/s CRS: 31320 Desenvolvemento pesqueiro

Zona de actuación: Rexión El Bajo Lempa

País: O Salvador

Rexión: América Central

Descrición: A presente intervención nace da evolución do traballo co sector pesqueiro que as entidades consorciadas desenvolven desde 2007 e contempla accións que impactan no sector pesqueiro artesanal e acuícola salvadoreño.

O primeiro eixe do proxecto trata do deseño dun novo modelo de embarcación para a pesca artesanal, do que xa se dispón dun molde grazas ao financiamento da Xunta de Galicia en 2017 e a AECID en 2016 e construído por nove mozos e mozas de contornas pesqueiras nunha experiencia piloto de escola-taller e tras un proceso de deseño participativo. Coa presente intervención vaise dar continuidade ao proceso construtivo para finalizar a embarcación, o que implicará o desenvolvemento dos planos definitivos e as posteriores probas do modelo. Doutra banda, levan a cabo accións para o establecemento dunha plataforma de incidencia política para o sector a través do I Foro Nacional da Pesca Artesanal, concibido como un espazo de encontro entre cooperativas para a xeración dunha axenda política unificada. O proxecto tamén traballa na equidade de xénero, tanto con estratexias focalizadas como transversais, apoiándose nas conclusións do Perfil Situacional sobre as Mulleres dedicadas á pesca e acuicultura de 2017 e a través dun proceso formativo sobre apoderamento de mulleres cooperativistas; elaborando un Plan



de Igualdade para FECOOPAZ, e visibilizando o papel das mulleres na pesca coa produción de material audiovisual específico, todo co fin de promover o acceso das mulleres aos espazos de tomas de decisión ao interior dos seus socios e de FECOOPAZ. Do mesmo xeito, este proxecto aborda a protección ambiental de forma específica mantendo a actividade proteccionista do curral de tartarugas da Illa Tasajera (que liberará polo menos 60 mil nenonatos), promocionando o eco turismo e os valores ambientais e realizando catro xornadas de limpeza e un programa de sensibilización escolar. O último eixe céntrase na comunicación para o desenvolvemento. Vaise realizar o IV Encontro Centroamericano de Emisoras Comunitarias no que 20 medios da rexión debaterán sobre comunicación e defensa dos recursos naturais, no marco do encontro traballarán en polo menos un programa de colaboración sobre medio ambiente e vaise a ampliar a cobertura de emisión de cinco emisoras locais.

O proxecto, polo tanto, supón a realización de actividades a tres niveis territoriais: centroamericano, nacional e local. É integral porque se enfoca á pesca e a súa cadea de valor e nace da experiencia continuada das entidades co sector grazas ao financiamento previo da Xunta de Galicia.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: garantir mellores condicións de seguridade e sustentabilidade para o desenvolvemento da actividade pesqueira artesanal e a súa cadea de valor.
Obxectivo específico: mellora das capacidades técnicas e materiais da pesca artesanal salvadoreña e a súa cadea de valor para o exercicio dunha actividade segura e sustentable.

Poboación beneficiaria:

Directa: homes (1.570), mulleres (627), nenos (240), nenas (260)
Indirecta: homes (19.876), mulleres (1.111)

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 225.000 € (2019: 90.000 €; 2020: 135.000 €)

---

02. Mellora das condicións de habitabilidade e dos mecanismos locais de defensa e protección dos DDHH e dereitos das mulleres das comunidades da Cubana, A Balsa e Olivares, municipio de Ramón Santana, provincia de San Pedro de Macorís, República Dominicana.

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) agrupada coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

Contraparte: Instituto de Acción Comunitaria, Inc. IDAC

Código/s CRS:
11130 Formación de profesores
11230 Capacitación básica de mozos e adultos
14032 Saneamento básico
15160 Dereitos humanos
16040 Vivendas de baixo custo



Zona de actuación: Municipio de Ramón Santana, provincia de San Pedro de Macorís

País: República Dominicana

Rexión: Caribe

UNICEF apoia o desenvolvemento persoal, a inclusión e inserción social de nenas, nenos e adolescentes na Habana Vella, en particular daqueles que viven en situacións de maior vulnerabilidade. Trátase dunha experiencia de referencia, dadas as características do labor que alí impulsa a Oficina do Historiador da Cidade (OHC), pola súa capacidade de modelar desde a cultura e o patrimonio o traballo con diferentes grupos de poboación, non só do centro histórico, que funciona como un gran laboratorio social, senón tamén doutras zonas da capital e do país.

As accións deste proxecto focalízanse en nenas, nenos e adolescentes do municipio A Habana Vella, a través de espazos de participación xa existentes, co apoio da rede de colaboradores xerada a partir do proxecto a+ espazos adolescentes, que inclúe instrutores de arte e promotores culturais, operadores de xustiza, profesionais da saúde e a educación, persoal dos servizos de protección e investigadores sociais en temas de adolescencia.

O proxecto propón fortalecer as contornas protectoras para nenas, nenos e adolescentes na Habana Vella e a preparación de profesionais e outros actores sociais que traballan con estes grupos, con enfoque de dereitos e equidade.

Obxectivo: fortalecemento de contornos protectores para a infancia e a adolescencia.

Poboación beneficiaria: 2.500 persoas

Axuda Xunta de Galicia: 32.150 € (2019: 14.000 €; 2020: 18.150 €)

05. Convenio de colaboración con Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para a execución do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ)"

Título: Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA - MOZ)

Axente: Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña

Código/s CRS: 14010 Política de recursos hídricos e xestión administrativa

Zona de Actuación: Cuncas de ríos, Encoro de Chipembe

País: Mozambique

Rexión: África Subsahariana

Descrición: a xestión dos recursos hídricos e o fortalecemento das administracións responsables é unha prioridade en Mozambique. O desenvolvemento de actividades que vinculen melloras técnicas e procesos de xestión nun mesmo plan de acción foi identificado como unha formulación de éxito na cooperación galega coa administración da auga de Mozambique.

No marco de loita contra o cambio climático, co presente proxecto desenvólvense metodoloxías, a nivel técnico e de procedementos, para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique. Con ese fin, AdG e a UdC, traballan apoiando ao ARA Sul, ARA Norte e a Universidade Eduardo Mondlane en dúas liñas complementarias: Eventos extremos e xestión de encoros e asignación de auga.

As accións identificadas céntranse no fortalecemento de capacidades –na administración e na universidade– á vez que se desenvolven ferramentas técnicas e de xestión. A formulación do proxecto pon énfase na replicabilidade das accións en todo o país co obxectivo de que os beneficiarios locais sexan, progresivamente, os protagonistas da transferencia de coñecemento a outras administracións mozambicanas.

Para iso, o proxecto se baséase no enfoque *learning by doing* en contraposición a accións nas que se implementa unha actividade ou se entrega un produto sen a debida apropiación e capacidade de desenvolvemento por parte dos beneficiarios. De acordo con isto, os traballos, metodoloxías e procesos que hai que implementar, na liña de calquera acción orientada á loita contra o cambio climático, requiren un marco temporal que vai máis aló dos dous anos de duración deste proxecto. Tendo isto en conta trabállase cun enfoque temporal mínimo de catro anos (2019-2022) prorrogables no futuro, cunha visión na que

AdG e a UdC poidan ser actores crave no impulso da transferencia de coñecementos desde as administracións da auga e as universidades mozambicanas.

As accións do presente proxecto deseñáronse, e execútanse, en coordinación coas autoridades holandesas da auga no marco do programa Blue Deal. No dito programa, liderado polas autoridades holandesas da auga, e do que AdG forma parte do comité de seguimento, traballarase durante os próximos catro anos para fortalecer a administración da auga mozambicana. A colaboración entre Galicia e Holanda realizarase no marco do protocolo de colaboración que AdG mantén co seu homólogo holandés para o desenvolvemento de accións conxuntas de cooperación internacional.

Obxectivos

Obxectivo Xeral: contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique con relación aos impactos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e a escaseza de auga.

Obxectivo Específico: fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de conca en Mozambique, con énfase nos eventos extremos, a xestión de infraestruturas e a asignación de auga.

Poboación beneficiaria:
Total 471: homes (352), mulleres (119).

No ARA Sul beneficiarase a un total aproximado dunhas 431 persoas (110 mulleres e 321 homes), incluídas as unidades de conca.



No ARA Norte beneficiarase directamente a unhas 31 persoas (6 mulleres e 25 homes) e no Departamento de Enxeñería Civil da UEM a 9 persoas (6 homes e 3 mulleres).

A poboación beneficiaria indirecta estímase de acordo coa poboación afectada de acordo coas concas de intervención. No río Limpopo 1.950.000 habitantes, no Incomati 500.0000 e no río Montepuez 100.000.

Axuda Xunta de Galicia: 175.000 € (2019: 50.000 € e 2020: 125.000 €, dos que 75.000 € son aportados por Augas de Galicia).

06. Convenio de colaboración coa Asociación AIDA, Ayuda, Intercambio y Desarrollo para a execución do proxecto "Atención sanitaria a niños con necesidades especiales y defensa de los derechos del paciente en Guinea Bissau".

Título: Atención Sanitaria a nenos con necesidades especiais en defensa dos dereitos do paciente en Guinea Bissau.

Axente: Asociación AIDA, Ayuda, Intercambio y Desarrollo

Contraparte: Liga Guineense dos Direitos Humanos

Código/s CRS: 12110 Política sanitaria e xestión administrativa

Zona de Actuación: Sector autónomo de Bissau, cidade de Bissau

País: Guinea Bissau

Rexión: África Subsahariana

Descrición: o obxectivo xeral deste proxecto, en liña co ODS 3, é contribuír a asegurar o exercicio efectivo do dereito humano á saúde en Guinea Bissau. O obxectivo específico é "Promover o exercicio efectivo do dereito humano á saúde no sector autónomo de Bissau, con especial atención aos colectivos máis vulnerables". En Guinea Bissau o dereito á saúde non está garantido, existe unha brecha de capacidades do Estado para garantir unha cobertura sanitaria gratuíta e de calidade; por estas razóns existen grandes grupos de poboación como as persoas con menos recursos económicos e outros colectivos vulnerables como son os nenos con necesidades especiais non teñen acceso a saúde básica.

Para iso, promóvese o acceso a información sobre os dereitos de acceso a saúde por parte da cidadanía a través de actividades nos medios de comunicación e divulgación de información nas estruturas sanitarias. Do mesmo xeito, a cidadanía recibe apoio social e xurídico dunha Oficina de defensa do paciente. Esta oficina está adecuadamente coordinada coa rede de centros de saúde, creando un sistema de vixilancia conxunta das vulneracións de dereitos dos/as pacientes. Na mesma oficina préstase apoio integral a nenos con necesidades especiais (parálise cerebral infantil, portadores de síndrome de Down, microcefalia etc).

O proxecto foi deseñado como resultado do traballo das organizacións no sector de saúde e dereitos humanos e alíñase coas políticas do Ministerio de Saúde sobre o acceso dos colec-



tivos máis vulnerables a servizos sanitarios de calidade.

Obxectivos:

Obxectivo Xeral: contribuír a asegurar o exercicio do dereito humano á saúde en Guinea Bissau.

Obxectivo Específico: promover o exercicio efectivo do dereito humano á saúde no Sector Autónomo de Bissau, con especial atención aos nenos con necesidades especiais.

Poboación beneficiaria:

Directa: 570 mulleres, 89 homes, 643 nenas e 150 nenos.

Indirecta: 82.500 mulleres, 82.500 homes, 170.000 nenas e 170.000 nenos.

Axuda Xunta de Galicia: 85.078,50 € (2019)

4.4. Actuacións doutras consellerías

Ademais das actuacións da DXRREE e coa UE previstas no Plan anual 2019, ao longo deste ano outros departamentos da Xunta de Galicia realizaron actuacións de cooperación para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos, que non estaban previstas no citado plan. Pódense destacar as seguintes:

» A Consellería de Política Social, que asinou un convenio coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para financiar o programa Vacacións en Paz

2019 dos nenos e nenas saharauís, por un total de 75.000 €.

» A Consellería de Sanidade, que asinou convenios con diversas entidades: coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) para a prestación de asistencia sanitaria a menores participantes no programa "Vacacións en paz 2019", cun gasto cuantificado de 213.180 €; coa Fundación Tierra de Hombres para o desenvolvemento do proxecto "Viaxe á vida", cun gasto cuantificado de 9.204 €; coa Fundación Infancia Solidaria para asistencia sanitaria a nenos/as de países empobrecidos, cun gasto cuantificado de 18.410 € e coa Asociación de inmigrantes senegaleses de Ourense para asistencia sanitaria a nenos/as de Senegal, cun gasto cuantificado de 4.522 €.
O gasto total cuantificado ascende a 245.316 €.

» Augas de Galicia, que asinou un convenio coa Fundación Enxeñería Civil de Galicia (FICG) no ano 2019 por importe de 75.000 €, para a "Mellora do monitoreo e xestión da seca no sur de Mozambique".


A avó leva a neta ao palco
A neta vê o tio na mata
Ele leva a menina na mata
Ela vai ver a Tia Tina.
CONTA COMIGO

05 Axuda humanitaria e de emerxencia

No ano 2019, dando cumprimento aos obxectivos e indicadores que o IV Plan director da cooperación galega establece neste ámbito, desde a DXRREE e coa UE traballouse co fin de realizar unha acción humanitaria integral e de calidade, a través dunha acción estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación e, ao mesmo tempo, dando continuidade ao traballo con organizacións multilaterais e/ou especializadas en acción humanitaria, contribuíndo ao cumprimento da L.A.3.2.

A axuda da Xunta de Galicia no ámbito da acción humanitaria que foi xestionada a través da DXRREE e coa UE no 2019 ascendeu a 1.035.000,00 €, o que representa o 18,45% do orzamento operativo do programa orzamentario 331A. Neste importe están incluídos os 500.000 € postos a disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37, que afectan ao ámbito da cooperación internacional, e que están destinadas á atención a persoas refuxiadas en materia de violencia machista.

Os instrumentos habitualmente utilizados para o financiamento de actuacións humanitarias e de emerxencia son:

» Convocatoria para proxectos de acción humanitaria.
» Convenios de colaboración con entidades especializadas en acción humanitaria.

5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria

O obxecto destas bases é a regulación da concesión de subvencións ás organizacións non gobernamentais para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo por proxectos de acción humanitaria, conforme a iniciativa da boa doazón humanitaria (GHD, nas súas siglas en inglés), aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana durante e despois das crises —provocadas por seres humanos ou por desastres naturais—, así como os destinados á prevención e reforzo da capacidade de resposta e a resiliencia para cando se produzan estas situacións. A acción

humanitaria debe guiarse polos principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade e independencia.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 15 de maio de 2019. Trátase dunha convocatoria anual cunha dotación total de 300.000 €.

Presentáronse 9 proxectos dos que foron subvencionados 4. A convocatoria resolveuse o día 19 de xullo e publicouse a concesión de subvencións no DOG do 8 de outubro de 2019.

Os proxectos aprobados son os seguintes:

01. Promover o dereito á saúde a través dunha estratexia de acceso a WASH entre a poboación refuxiada do asentamento de Kyaka II, Uganda, que foxe da violencia xeneralizada e da epidemia de ébola na RDC

Axente: Farmacéuticos Mundi

Contraparte: Emesco Development Foundation

Código/s CRS:
12220 Atención sanitaria básica
70000 Axuda Humanitaria

Zona de actuación: Campo de Refuxiados Kyaka II, Distrtito Kyegegwa, Uganda.

País: Uganda

Rexión: África Subsahariana

Descrición: Uganda acolle un gran número de refuxiados procedentes doutros países da rexión, como República Democrática do Congo, que foxen de conflitos armados e brotes de enfermidades como o ébola. Ao aumentar o número de refuxiados congoleses en Uganda desde 2018, sendo esta unha crise humanitaria prolongada, este proxecto busca promover o exercicio do dereito á saúde da poboación refuxiada congolesa no campo de refuxiados de Kyaka II, situado ao Oeste de Uganda, baixo un enfoque de prevención e protección, e atendendo ás necesidades específicas de xénero e idade. Trabállase na mellora dos servizos de saúde de atención primaria, fundamentalmente para as mulleres refuxiadas e outros grupos vulnerables no que incumbe á saúde materno-infantil, sexual e reprodutiva e na protección fronte a enfermidades transmitidas por insectos. A estratexia do proxecto alíñase coas necesidades detectadas neste contexto de emerxencia humanitaria que pretende desenvolverse de forma paralela e complementaria ás accións doutros actores humanitarios presentes na zona. O liderado na articulación da resposta humanitaria asumido por ACNUR e a Oficina do Primeiro Ministro, evita duplicidades e maximiza os efectos e o impacto da axuda. Todas as organizacións tanto locais como internacionais con presenza na zona, contan co apoio e o visto e prace de ambas as institucións.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír a garantir a protección e o exercicio do dereito á saúde da poboación afectada pola crise humanitaria de República Democrática do Congo refuxiada en Uganda.

Obxectivo específico: promover o exercicio do dereito á saúde da poboación refuxiada congolesa no campo de refuxiados de Kyata II, distrito de Kyegegwa, Uganda, baixo un enfoque de prevención e protección, atendendo ás necesidades específicas de xénero e idade.

Poboación beneficiaria:

Directa: estímase que a presente intervención alcanzará a un mínimo de 9.000 persoas, das cales o 74,51 % (6.706) son mulleres. Así mesmo o 81,76% serán mulleres e menores de idade (7.356 persoas). Na súa selección daráselles prioridade ás unidades de convivencia en situación de maior vulnerabilidade, con maiores restricións de acceso aos medios de vida, maior presenza de menores e mulleres embarazadas e maior risco de padecer algún tipo de enfermidade.

Total 9000: homes (1644), mulleres (5856), nenos (650); nenas (850)

Indirecta: a poboación suxeito que configura a colectivo meta indirecto da intervención componse de 24.313 persoas (15.680 mulleres e 8.633 homes) en tanto que potenciais usuarios dos servizos sanitarios que verían mellorada a calidade da atención primaria á saúde dispoñible no asentamento. Igualmente configúranse como potenciais receptores/as das mensaxes ligadas á promoción de saúde menstrual e poderán desta forma adquirir coñecementos e competencias que incidan na adopción de prácticas máis responsables coa preservación de boas condicións de saúde.

Total 24.313: homes (3.690), mulleres (6.969), nenos (4.943); nenas (8.711).

Axuda Xunta de Galicia: 70.000 € (2019)

02. Mellorada a resiliencia da poboación gazatí ante riscos de saúde ortopédica.

Axente: Médicos do Mundo

Contraparte: Ministerio de Saúde (MdS)

Código/s CRS:
12191 Servizos médicos
12220 Atención sanitaria básica
72010 Axuda e servizos materiais de emerxencia

Zona de actuación: Gaza, Palestina

País: Territorios Palestinos

Rexión: Oriente Próximo

Descrición: a Franxa de Gaza está sometida a bloqueo israelí, o que dificulta a entrada de produtos básicos, incluído o material sanitario, o acceso a formación continua especializada por parte do persoal sanitario e o acceso a servizos de saúde terciaria por parte dos/as pacientes. Este proxecto de acción humanitaria levado a cabo por Médicos do Mundo está enfocado a protexer o dereito á saúde da poboación infantoxuvenil da Franxa de Gaza que está sometida aos efectos da ocupación, o bloqueo e o exercicio da forza armada israelí e que presenta problemas ortopédicos e traumatolóxicos graves ou severos, que limitan a súa autosuficiencia. A proposta, por tanto, busca garantir o acceso e o tratamento médico e cirúrxico especializado á poboación

infantoxuvenil con condicións traumatolóxicas e ortopédicas limitantes.
Para iso, difúndense os obxectivos do proxecto entre as organizacións que traballen con persoas con discapacidade e trabállase xunto co Departamento de Traumatoloxía Ortopédica do Ministerio de Saúde na revisión dos casos atrasados ou en lista de espera. Á súa vez, realízase un screening do colectivo meta que permite seleccionar os casos con necesidades máis urxentes para ofrecerlles a asistencia médica e cirúrxica que requiren, dando seguimento á súa evolución dentro dos termos que contempla este proxecto.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: mellora do dereito de acceso á saúde de poboación infantoxuvenil vulnerable na Franxa de Gaza.

Obxectivo específico: mellora da a resiliencia da poboación gazatí ante riscos de saúde ortopédica.

Poboación beneficiaria: esta proposta contemplou desde a súa identificación á poboación infantoxuvenil e considerou a este sector da poboación como colectivo meta de beneficiarios directos de toda a intervención, dadas as condicións de vulnerabilidade e en ocasións de esquecemento á que se ven sometidos por parte dos servizos de atención médica especializada. A identificación traballouse directamente cos equipos médicos e sanitarios do departamento.

Directa: 27 persoas, das cales 12 son mulleres, 5 homes, 8 nenos e 2 nenas.

Indirecta: a poboación suxeito que configura a colectivo meta indirecto da intervención componse de 75 persoas, especificamente 50 mulleres e 25 homes.

Axuda Xunta de Galicia: 69.975 € (2019)

03. *Subministracións e servizos esenciais de nutrición para as nenas, nenos e mulleres máis vulnerables en República Centroafricana.*

Axente: Fundación UNICEF Comité Español

Contraparte: UNICEF República Centroafricana

Código/s CRS: 12240 Nutrición básica

Zona de actuación: Sangha-Mbaéré

País: República Centroafricana

Rexión: África Subsahariana

Descrición: a República Centroafricana é un dos países con maiores índices de pobreza do mundo, cunha infraestrutura deficiente, investimento estranxeiro moi reducido e dependente case de maneira exclusiva da axuda exterior. No ano 2013, en RCA, antes de que estalase o último brote de violencia no país, a taxa estimada de mortalidade dos nenos menores de 5 anos era de 139 mortes por cada 1.000 nados vivos (fronte aos 174 por cada 1.000 nados vivos en 2.000). Por iso, a alarmante situación nutricional en República Centroafricana fixo que este país forme parte dos 16 países africanos para os que UNICEF fixo un chamamento urxente por emerxencia nutricional.

Este proxecto céntrase en atender as necesidades nutricionais de 550 nenos e nenas con desnutrición e de 2.200 mulleres embarazadas

lactantes, así como na formación de persoal comunitario e na sensibilización sobre boas prácticas alimentarias para a prevención e tratamento da desnutrición. Á súa vez, o proxecto ten un enfoque de xestión da desnutrición baseado na comunidade, no que o apoderamento da comunidade en todo o proxecto é fundamental. Este enfoque pretende que todas as accións que se poidan desenvolver a nivel comunitario (mesmo domiciliario cando é posible) se fagan localmente, e derivar a servizos especializados só aqueles casos máis graves que necesiten hospitalización.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: garantir os dereitos humanos das nenas e nenos afectados polo conflito armado en RCA, especialmente o dereito á saúde e á supervivencia.

Obxectivo específico: mellorar o estado nutricional das nenas e nenos menores de 5 anos con desnutrición aguda severa en Shanga Mbaere

Poboación beneficiaria:

Directa: 2.750 persoas, das cales 2.200 son mulleres, 275 nenos e 275 nenas.

Indirecta: 82.015 persoas, especificamente 69.920 mulleres e 12.095 homes.

Axuda Xunta de Galicia: 70.000 € (2019)

---

04. Protección mediante o acceso a educación temperá de nenas e nenos refuxiados no campamento de Dzaleka, Malawi.

Axente: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Contraparte: Servizo Xesuíta ao Refuxiado – JRS

Código/s CRS:
7205001 Protección
11240 Educación primeira infancia. Educación preescolar académica e non académica
1130 Formación de profesores

Zona de actuación: Campo de refuxiados de Dzaleka, distrito de Dowa

País: República de Malawi

Rexión: África Subsahariana

Descrición: Malawi continúa loitando contra a pobreza xeneralizada 55 anos despois da súa independencia. A pesar da súa relativa estabilidade política, o país ten o Produto Nacional Bruto per cápita máis baixo do mundo: 250 dólares. O 90 % dos seus 18 millóns de habitantes vive da agricultura de subsistencia e máis do 50 % vive por baixo do limiar da pobreza. A pacífica situación política e a súa estratéxica xeo localización, fronteiriza con Zambia, Mozambique e Tanzania, fan que, a pesar das duras condicións e baixos niveis de desenvolvemento socioeconómico, Malawi acolla, a día de hoxe, aproximadamente a 40.000 refuxiados e demandantes de asilo; a maioría provenientes de áreas en conflito na rexión dos Grandes Lagos de África central, así como de Somalia e Etiopía. O campo de Dzaleka, distrito de Dowa, abriuse a mediados dos anos 90, para dar cabida a miles de familias que fuxían da escalada de violencia provocada a raíz do xenocidio ruandés. Hoxe, vinte e cinco anos despois, este campo conta cunha media de 500 novas chegadas ao

mes. A maior parte destas persoas chegan da República Democrática do Congo.

Este proxecto de educación en situación de emerxencia xorde de traballo conxunto do Servizo Xesuíta a Refuxiados (JRS) e Entreculturas e busca fortalecer 9 centros da comunidade educativa de Dzaleka que ofrecen educación temperá. Por iso, o proxecto coordínase tanto coas autoridades locais como co resto de organizacións da sociedade civil e os organismos internacionais e parte dunha necesidade detectada no terreo, manifestada pola poboación beneficiaria e corroborada por actores relevantes como a Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR), o Ministerio de Educación, Ciencia e Tecnoloxía de Malawi e o Ministerio de Xénero, Infancia e Asuntos Sociais de Malawi. Así pois, da participación da poboación local, do acompañamento do persoal técnico e do seguimento de Entreculturas depende a garantía dun ambiente educativo protector, inclusivo e de calidade en educación temperá para as nenas e nenos refuxiados de Dzaleka.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: mellorar a capacidade de resiliencia das nenas e nenos refuxiados no campo de Dzaleka.

Obxectivo específico: asegurar o acceso a unha contorna educativa segura e de calidade para 600 nenas e nenos refuxiados no campo de Dzaleka.

Poboación beneficiaria:

Directa: en concreto, a poboación beneficiaria directa do proxecto é a comunidade educativa do sector preescolar (Early Childhood Development) do campo de refuxiados de Dzaleka, En cifras, a poboación beneficiaria directa será de 834 persoas:

- 300 nenas e 300 nenos de 9 centros de educación temperá do campo que recibirán seguimento do seu benestar socioemocional. 150 nenas e 150 nenos de entre eles recibirán apoio nutricional mediante o programa de alimentación escolar.
- 10 facilitadoras e 4 facilitadores de educación temperá: 6 do centro ECD de JRS (3 mulleres e 3 homes) e 1 de cada un dos outros centros apoiados (5 mulleres e 3 homes).
- 20 profesoras e profesores do campo (2 mulleres e 2 homes de Mtendere e 8 mulleres e 8 homes, dous de cada un dos outros centros de educación temperá apoiados).
- 200 nais, pais e persoas voluntarias da comunidade de Dzaleka.

Total: 834. Homes (66) mulleres (168) nenos (300) nenas (300).

Indirecta: 37.526 persoas, das cales 7.772 son mulleres, 10.358 homes, 9.886 nenos e 9.510 nenas.

Axuda Xunta de Galicia: 69.916,52 € (2019)

5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Ao longo do 2019 asináronse, no ámbito da acción humanitaria e de emerxencia, 11 convenios e dúas addendas, unha no marco do convenio para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia asinado con



Farmamundi e outra no marco do convenio asinado no ano 2018 entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria. O conxunto destes convenios financiaron 21 intervencións e operativos de resposta.

Como importante novidade deste ano cabe destacar a posta a disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, de 500.000 € da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para ser destinados ao financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do dito pacto, que afectan o ámbito da cooperación internacional. Estes fondos foron destinados ao financiamento de 8 proxectos de atención a persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero coas entidades España con ACNUR, UNRWA España, Fundación Educación y Cooperación (EDUCO), Farmacéuticos Mundi, Médicos del Mundo, Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Asociación AIDA, Axuda, Intercambio y Desarrollo e Asemblea de Cooperación Pola Paz (ACPP).

01. Convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia.

Este convenio vén asinándose de forma ininterrompida desde o ano 2009 para garantir unha resposta rápida e áxil da Xunta de Galicia, a través da posta en marcha de accións de asistencia e atención inmediata de emerxencias, tras declararse o desastre ou crise humanitaria ou ante a agudización dunha crise crónica (situacións de fame, desprazamentos de poboación por causas bélicas, económico-sociais ou post-catástrofe) tratando de evitar unha gran mortaldade entre os/as damnificados/as. Neste ano 2019, o convenio contou cunha dotación



inicial de 50.000 €, aos que se lle sumaron 20.108,49 € máis, a través da sinatura dunha addenda, o que permitiu a posta en marcha de operativos en Mozambique, Ecuador, Gaza, República Democrática do Congo, Siria e Uganda.

O obxecto deste convenio é realizar as actuacións que ambas as partes acorden tendentes a atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humano, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia (auga, abrigo, medicamentos, atención sanitaria e/ou outro material de primeira necesidade) e paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfases en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

O convenio de colaboración actívase cada vez que acontece unha emerxencia, logo da negociación e solicitude por parte de Farmamundi. Nos anos anteriores a activación destes convenios permitiu dar resposta inmediata e coordinada coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e o sistema das Nacións Unidas a diferentes emerxencias acaecidas.

Axuda Xunta de Galicia: 70.108,49 € (2019).

A través deste convenio de colaboración realizáronse as seguintes actuacións de emerxencia:

Garantir a cobertura das necesidades vitais básicas (acubillo, hixiene, alimentación) das poboacións afectadas polo ciclón Idai, Mozambique, promovendo a recuperación dos seus medios de vida.

Axente: Farmacéuticos Mundi

Contraparte: ONG United Purpose

Zona de actuación: Provincia de Manica, os distritos de Sussundenga, Vanduzi e Macate
País: Mozambique

Rexión: África Subsahariana

Descrición: o pasado 15 de marzo de 2019, o Ciclón Idai, considerado o peor desastre meteorolóxico rexistrado ata estas datas no hemisferio sur do planeta, segundo a Organización Meteorolóxica Mundial, tocou terra no sueste de África producindo efectos devastadores. A ONU ten catalogado a situación como de "desastre masivo". Segundo datos de Nacións Unidas, 1,7 millóns de persoas se teñen visto afectadas en Mozambique e ao redor de 920.000 en Malaui, sen que se conte ata o momento con datos da afectación

en Zimbabue. É probable que a situación se deteriore e que o número de persoas afectadas aumente en cando se poida entrar nas zonas illadas e tendo en conta que os prognósticos meteorolóxicos anuncian fortes chuvias en Sofala e Manica, as rexións máis afectadas en Mozambique. Coa intensidade das chuvias existe risco de desbordamentos de rios e presas.

A prioridade mais inmediata é a busca e rescate das persoas atrapadas e desaparecidas, así como a dotación de insumos básicos que permitan a recuperación dos medios de vida.

Algúns informes estiman que o 90 por cento da infraestrutura de Beira, a cuarta cidade mais grande do país con mais de 500.000 habitantes, está danada ou destruída. As estradas principais que entran e saen da cidade permanecen cortadas e o Hospital Central de Beira so funciona parcialmente debido aos danos sufridos

Mozambique é país prioritario de intervención da Cooperación Galega polo que desde o primeiro momento se teñen comezado as diferentes coordinacións para poder colaborar na resposta internacional de axuda.

Segundo o último informe de situación (nº 6) de OCHA de data 21 marzo 2019, o Goberno de Mozambique emitiu unha Nota verbal na que solicitaba formalmente asistencia internacional, incluídos todos os elementos da resposta humanitaria: alimentos, acubillo, educación, saúde e artigos non alimentarios, así como apoio loxístico, incluídos activos aéreos, embarcacións e comunicacións.

Farmamundi, a través do seu socio local a ONG United Purpose está traballando na Provincia de Manica, xunto coa de Sofala as máis afectadas polo desastre. A organización está tamén a participar das reunións de coordinación diarias con OCHA e co Instituto Nacional de Xestión da Calamidade. Esta presenza permítelle á Xunta de Galicia situarse como un dos primeiros doadores en poder darlle resposta á catástrofe de maneira áxil e eficaz.

Coa posta en marcha do proxecto pretendese garantir a cobertura das necesidades vitais básicas de 275 unidades de convivencia dos distritos de Sussundenga, Macate e Vanduzi, en Manica. Estímase que a presente intervención alcanzará a un número de 1.100 persoas (52 % mulleres) das comunidades afectadas.

O operativo de resposta tiña prevista unha duración de 3 meses, nos que se procederá a adquisición e repartimento conforme a vulnerabilidades de kits de abrigo (mantas, lonas, tendas), kits de hixiene e kits alimenticios e de cultivo.

Reducir o risco sanitario entre 120 unidades de convivencia afectadas polas inundacións no Cantón de Santa Ana, Provincia de Manabí, Ecuador

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Fundación Terranueva

Zona de actuación: Provincia de Manabí, Cantón Santa Ana

País: Ecuador

Rexión: América do Sur

Descrición: Ecuador caracterízase por unha alta vulnerabilidade ante desastres e catástrofes naturais, tan só no pasado mes de febreiro, o país ten rexistrado dous sismos de magnitude 7,6 e 5,9 graos na escala Richter respectivamente, así como un período de fortes chuvias que teñen provocado desbordamentos de ríos, inundacións e correntos de terra (desde o 25 de febreiro ata o 8 de marzo) que segundo o balance de danos dos informes do Servizo Nacional de Xestión de Riscos e Emerxencias (SNGR) ocasionaron: 14 persoas mortas e 34 feridas, 7.836 persoas afectadas, 1.768 vivendas con danos, 76 completamente destruídas, 279 persoas evacuadas, 19 instalacións de infraestrutura básica (educativa e sanitaria) afectada, 2.763,24 Ha de cultivos afectadas e 876 Ha de cultivos perdidos

Segundo este mesmo informe, Manabí é a provincia que rexistra o maior número de persoas afectadas (2.523), ademais de 163 vivendas danadas e 3 infraestruturas básicas prexudicadas. O nivel de caudal dos ríos da provincia se atopa en alerta laranxa, non obstante, O Comité Operativo de Emerxencias (COE) provincial de Manabí ten recoñecido unha tendencia de aumento do caudal, o que incrementa a ameaza de rexistrar novas crecidas e desbordamentos.

Os cantóns máis golpeados pola chuvia ata o momento foron os de Santa Ana, Chone, Jaramijó, Portoviejo, Manta y Rocafuerte. Concretamente, o Cantón Santa Ana, atópase entre os máis afectados, xa que padeceron dúas inundacións nunha mesma semana (o 7 e o 9 de marzo). Segundo información oficial, del SNGR no cantón Santa Ana, a avaliación de danos a causa das inundacións mostra o balance seguinte:

- 1800 persoas (450 unidades de convivencia) afectadas
- 300 vivendas danadas
- 830,24 Ha de cultivos perdidos

Os efectos das ameazas multiplícanse canto maior é a situación de vulnerabilidade das comunidades afectadas. Neste sentido hai que ter en conta que o cantón Santa Ana, rexistra taxas de pobreza por necesidades básicas insatisfeitas do 85 %. Outro elemento importante de vulnerabilidade do cantón ten que ver co estado e funcionalidade da súa infraestrutura básica, que aínda non se recuperara dos efectos do devastador terremoto que sufriu o país no 2016.

Ecuador é país prioritario de intervención da Cooperación Galega e Farmamundi, a través do seu socio local, a Fundación Terranueva, está traballando na Provincia de Manabí afectada polo desastre.

Coa posta en marcha do proxecto pretendese dar cobertura ás necesidades básicas para garantir a hixiene persoal e o acceso a fontes de auga segura, mitigando o risco de propagación de enfermidades vinculadas co estancamento de auga como o dengue, zicka, malaria o cólera. Para isto traballarase 120 unidades de convivencia, 540 persoas (a lo menos 248 mulleres e 162 menores de 5 anos) das parroquias rurais La Unión e San

Pablo de Pueblo Nuevo, do Cantón Santa Ana, Provincia de Manabí.

O operativo de resposta tiña prevista unha duración de 2 meses, nos que se procederá a adquisición e repartimento conforme á vulnerabilidades de kits familiares de hixiene persoal e a garantir o acceso a auga segura para o consumo humano, complementando coa realización de campañas de IEC.

Asistencia alimentaria de emerxencia á poboación palestina de Gaza no Ramadán

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Labour Resources Centre

Zona de actuación: Franxa de Gaza

País: Territorios Palestinos

Rexión: Oriente Medio

Descrición: a Franxa de Gaza é unha estreita banda de terra duns 40 km de longo por 8 km de ancho onde habitan dous millóns de persoas, o que a convirte nunha das zonas do planeta con maior densidade de poboación (aproximadamente 4.200 persoas por km cadrado).

A poboación gazatí sufre unha constante e dramática baixada no seu nivel de vida desde xullo de 2007 debido ás restricións interpostas por Israel, as cales que teñen limitado o seu control e acceso aos recursos naturais, ademais da obstrución do acceso aos mercados rexionais e internacionais, a suspensións das exportacións e importacións, a diminución da produción o que ten desembocado nunha grave recesión económica.

Ademais a Franxa de Gaza sufriu tres guerras en 2009, 2012 e 2014, e no que vai de 2019 preocupa o incremento das hostilidades e a escalada de violencia na zona. Grazas á intermediación de Exipto e a ONU, lograrouse un acordo informal de cese de hostilidades coincidindo co inicio do Ramadán. Segundo as primeiras estimacións, 41 vivendas foron totalmente destruídas e outras 16 declaráronse inhabitables. Ademais, 13 instalacións educativas, un centro sanitario e unha estación eléctrica resultaron afectadas.

O clúster de protección liderado por Nacións Unidas estima que son necesarios 11,4 millóns de dólares para satisfacer as necesidades do plan de Resposta humanitaria. Non obstante, ata finais de abril, non se ten recibido resposta, polo que as organizacións en terreo son incapaces de cubrir as necesidades máis básica das familias.

Unha das necesidades mais perentoria é a de alimentación, e mais nun momento tan sinalado como o Ramadán. En Gaza o 68,5 % da poboación sufre inseguridade alimentaria.

Coa posta en marcha deste operativo búscase achegar alimentos de primeira necesidade para familias en situación de máxima vulnerabilidade e, contribuír a crear redes e unha pequena estrutura de organización de seguridade alimentaria. A intervención desenvolverase nas cinco gobernacións da Franxa de Gaza: Gaza norte, Gaza, Deis El Balah, Jan Yunis e Rafah,

e se espera que beneficie a 150 familias (750 persoas) nos próximos dous meses.

A Xunta de Galicia xa contribuíu anteriormente á mellora da seguridade alimentaria en Palestina da man de UNRWA (Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina).

Intervención sanitaria de urxencia en Kamango (RDC): garantir o acceso aos servizos gratuítos de APS e SSR entre a PDI afectada polo aumento da actividade armada nun contexto de crise de ébola e epidemia de rubéola

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: PPSSP (Programme de Promotion des Soins de Santé Primaires)

Zona de actuación: Zona de Salud de Kamango, Territorio de Beni, Provincia de Nord Kivu

País: República Democrática del Congo (RDC)

Rexión: África Subsahariana

Descrición: desde que en 1976 se descubrise a enfermidade polo virus de ébola (EVE), a República Democrática do Congo (RDC) sufriu ata 10 brotes epidémicos, dos que o declarado o pasado mes de agosto de 2018 no territorio de Beni, provincia de Kivu Norte, foi o máis letal rexistrado no país e o segundo a nivel mundial, só por detrás do brote do 2014 en Guinea. Segundo os datos do Ministerio de Saúde de mediados de xuño de 2019, 2.168 persoas foron infectadas e 1.449 faleceron.

O contexto sanitario non é o único que preocupa. A inseguridade asociada á violencia que azouta a provincia de Nord Kivu, onde se estima que se atopan operativos máis de 70 grupos rebeldes, que provocan importantes desprazamentos de persoas e condicionan os servizos sanitarios. Os ataques aos CTE (centros de tratamento de ébola) foron recorrentes e polo menos 85 traballadores/as sanitarios/as morreron ou resultaron feridos/as, sen esquecer o asasinato do epidemiólogo camerunés da OMS na Universidade de Butembo. Ademais a recrudescencia dos enfrontamentos ten ocasionado o desprazamento dunhas 96.000 persoas.

A Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios de NNUU (OCHA) en Goma, fíxose eco da situación de urxencia e sinala como unha das principais vulneracións que as áreas de saúde de acollida enfrontan graves problemas de desabastecemento e rupturas de existencias de medicamentos esenciais. Nesta situación o control sanitario e a prevención configúranse como desafíos ineludibles que deben ser garantidos. Ademais, a malaria é endémica na zona, polo que se require o abastecemento de mosquiteiras impregnadas de insecticida, especialmente entre a poboación desprazada.

A proposta de emerxencia presentada foi deseñada por Farmamundi e o seu socio local, o Programa de promoción e tratamentos de saúde primarios (PPSSP), en coordinación con OCHA e focalízase no sector saúde e nutrición, co obxectivo de contribuír a garantir o exercicio do dereito á saúde entre a poboación desprazada e de acollida das áreas de saúde de Luanoli e Kamazara, combinando accións

de distribución de medicamentos esenciais e específicos en SSR para asegurar a gratuidade das prestacións e a prevención do ébola e articulando campañas de sensibilización comunitarias de promoción da saúde e prevención de enfermidades. Con esta intervención espérase beneficiar a 2.519 persoas (1.511 mulleres e 1.008 homes).

Apoio nutricional de emerxencia á poboación siria desprazada no noroeste do país

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Jafra Foundation

Zona de actuación: Idleb e Rural Aleppo

País: Siria

Rexión: Oriente Medio

Descrición: despois de 9 anos de conflito a crise siria segue sendo unha gran crise de protección para a poboación civil exposta a riscos relacionados coas hostilidades en curso, o efecto dos novos desprazamentos forzosos de poboación, a prolongación da situación de desprazamento para aquelas persoas que levan anos fuxindo, o esgotamento dos recursos socioeconómicos e a deterioración da situación humanitaria que promove a adopción de estratexias de supervivencia de risco (traballo infantil, matrimonios precoces e concertados, relacións sexuais transaccionais etc).

Segundo os informes do Alto Comisionado de NNUU polos Dereitos Humanos, máis de 13 millóns de persoas atópanse en situación de desprazamento forzoso a causa do conflito, 11,7 millóns requiren algunha forma de asistencia humanitaria para sobrevivir, 5 millóns das cales se atopan en situación de necesidade "severa" segundo o Plan de Resposta Humanitaria para Siria no 2019.

Nesta situación, centos de miles de civís do nordés do país, incluídas comunidades enteiras, abandonaron os seus fogares para fuxir da violencia e trasladáronse a zonas máis ao norte en busca de seguridade e acceso a servizos esenciais. Desde o 1 de maio ao 4 de setembro, máis de 400.000 persoas víronse obrigadas a fuxir da violencia. Algunhas destas familias acumulan xa varios desprazamentos e sofren dunha diminución de recursos importante o que os sitúa nunha situación altamente vulnerable. Os patróns de desprazamento indican que a maioría das persoas recentemente desprazadas asentáronse en zonas moi densamente poboadas, como no norte de Idleb e Rural Aleppo, onde se focaliza a presente intervención. Isto exerce unha presión adicional sobre a resposta humanitaria actual que é xa insuficiente. Tanto as comunidades de acollida como as persoas recentemente desprazadas necesitan asistencia urxente.
Ademais, os recentes ataques de Turquía contra obxectivos kurdos ao nordés do país fai prever unha deterioración grave da xa de súa crítica situación humanitaria podendo alimentar os desprazamentos de poboación cara á zona de intervención.

Neste contexto, os desafíos humanitarios no país son graves e complexos. Ao mesmo tempo o inverno achégase rapidamente e os requisitos de acondicionamento son cada vez

máis apremiantes a medida que as mulleres, nenos/as e homes que viven nos campos de desprazados, moitas veces á intemperie ou en asentamentos improvisados, irán sufrindo unha deterioración da situación a medida que o tempo empeore.

A situación de risco é tal, que a comunidade internacional encabezada por ACNUR definiu un plan de resposta humanitaria adicional (Rexional Winterization Assistance) que pretende reforzar os programas de atención ás necesidades básicas de acubillo, abrigo, alimentación etc. a máis de 1,5 millóns de persoas desprazadas no país.

A presente intervención de urxencia, se pode levar a cabo grazas á colaboración de Farmamundi e o seu socio local, Jafra Foundation, e enmárcase no presente plan á vez que se aliña co Plan de Resposta Humanitaria (HRP) 2019 para Siria, que lle dá prioridade, entre outros sectores de intervención, á atención nutricional ante as máis de 6,5 millóns de persoas que se atopan en situación de inseguridade alimentaria.

A intervención localizase nas gobernacións de Idleb e Rural Alepo, ao ser estas as áreas que máis número de poboación desprazada recibiu nos últimos meses tras os últimos ataques sufridos (estímase máis de 400.000 desprazamentos). Con esta intervención espérase beneficiar con paquetes nutricionais a 225 unidades de convivencia, priorizadas en función das súas vulnerabilidades. Estímase que se beneficiarán un total de 1.125 persoas (630 mulleres e 495 homes), das que o 60 % serán menores de idade.

Intervención de sensibilización e prevención fronte ao Ébola no campo de refuxiados de Kyaka II no distrito de Kyegegwa, Uganda

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: ONG Emesco Development Foundation

Zona de actuación: campo de refuxiados de Kyaka II, distrito de Kyegegwa

País: Uganda

Rexión: África Subsahariana

Descrición: a situación de conflito no leste da República Democrática do Congo (RDC) provocou o éxodo masivo de poboación congolesa a países limítrofes nos últimos anos. Segundo datos de ACNUR (Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados), en xuño de 2019 había un total de 861.077 persoas refuxiadas congolesas noutros países africanos, das cales 353.379 se atopaban en Uganda, país tradicionalmente receptor de poboación refuxiada. O día 31 de agosto de 2019 o número de persoas refuxiadas congolesas en Uganda aumentou e ascende a 376.111, o cal indica unha tendencia á alza que se prevé que se manteña nos próximos meses.

Ao conflito armado úneselle unha nova epidemia de ébola, declarada o 1 agosto de 2018 polo Goberno da RDC e que afecta especialmente ás rexións fronteirizas con Uganda. Segundo os últimos datos da Organización

Mundial da Saúde (OMS) e o Ministerio de Saúde da RDC do 28 de setembro de 2019, as cifras desta epidemia ascenden a un total de 3.188 casos, con 2.129 mortes desde o seu inicio. Desde o estalido da epidemia do ébola na RDC, Uganda está en alerta máxima, debido á importante actividade transfronteiriza entre ambos os países e ao crecente número de poboación refuxiada.

Uganda experimentou no pasado varios brotes de ébola, o e por iso é necesario dedicar moitos esforzos á sensibilización e á prevención, especialmente entre os grupos máis vulnerables e de maior risco, entre os que se topa a poboación refuxiada, e así se pon de manifesto no Plan de Resposta en Uganda para 2019-2020 elaborado por ACNUR.

O campo de Kyaka II, no distrito de Kyegegwa, foi establecido en 1983 para recibir a poboación refuxiada ruandesa e foi reaberto en 1995 para recibir a máis ruandeses. En 2005 e 2006 houbo unha chegada significativa de poboación congoleña, e en 2008 todos os refuxiados de Kyaka I foron trasladados a Kyaka II. Ten unha superficie actual de 81,5 km2 de terras gobernamentais no distrito de Kyegegwa, ao suroeste de Uganda, e actualmente aloxa a 106.391 persoas refuxiadas, 95 % de las congoleñas. O 79 % son mulleres e menores de idade, e tan só un 30,2 % da poboación ten algún tipo de ocupación, principalmente agricultores.

Esta intervención propón a execución de actividades de sensibilización e reforzo de capacidades no campo de Kyaka II, cuxa poboación está baixo un alto risco e vulnerabilidade. As actividades executaranse nas mesmas zonas e é complementario ao proxecto en curso apoiado pola Xunta de Galicia na convocatoria de Acción Humanitaria do ano 2019, grazas á colaboración da ONG Emesco Development Foundation. Con esta intervención espérase beneficiar a un total de 20.609 persoas durante os próximos dous meses.

02. Convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) para a realización do proxecto "Prestación de axuda sanitaria na Wilaya de Bojador e construción do centro de cancro de mama, na Daira 27 de febreiro na Wilaya de Bojador"

Axente: Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)

Contraparte: Ministerio de Saúde Pública Saharauí en colaboración coa Media Luna Roja

Código/s CRS:
12230 Infraestrutura sanitaria básica
12220 Atención Sanitaria básica
12250 Control de enfermidades infecciosas
12281 Educación sanitaria
12282 Formación persoal sanitaria

Zona de actuación: campamentos de refuxiados saharauís do suroeste de Alxeria

País: Alxeria

Rexión: Norte de África

Descrición: este proxecto céntrase nunha intervención de dobre acción. Por un lado, na prestación sanitaria á poboación, con especial



atención ás mulleres e aos nenos, realizando a Comisión Sanitaria de SOGAPS un seguimento en función dos expedientes do ano anterior e unhas viaxes aos campamentos. Esta facilitará atención sanitaria á poboación, a realización de charlas e formación ao persoal sanitario local.

Por outro lado, iniciarase a construción do Centro de Cancro de Mama, na Daira 27 de Febreiro na Wilaya de Bojador, posto que esta enfermidade é unha das principais causas de morte das mulleres saharauís, por non ter nos campamentos un centro especializado. O centro de cancro configurarase como dispensario de urxencias e será o punto de referencia para a sensibilización en contra do cancro de mama.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada saharauí de Wilaya de Bojador e da Daira de Mheiriz.

Obxectivo específico: mellorar as condicións de saúde da poboación de Wilaya de Bojador.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación directa está formada por un total de 4.200 persoas da poboación saharauí.

Para isto levaranse accións de investigación, sensibilización, formación e incidencia política e mobilización social coa cooperación do conxunto da equipa técnica, a xunta directiva de SI Galicia, voluntariado e colaboradores, profesorado e alumnado; beneficiando de xeito indirecto o resto do alumnado do profesorado que non participa directamente, familias do alumnado e voluntariado.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: construír liderados positivos para unha xuventude galega transformadora (2017/2020).

Obxectivo específico: consolidada a cultura da participación e o liderado a través dos axentes chaves do proxecto.

Poboación beneficiaria:

Directa: unhas 322 persoas (115 homes e 207 mulleres), entre as que figura a equipa técnica, a xunta directiva de SI Galicia, voluntariado e colaboradores, profesorado e alumnado.

Indirecta: unhas 1.530 persoas (606 homes e 924 mulleres), entre as que se atopa o resto do alumnado e do profesorado que non participa directamente, familias do alumnado e voluntariado.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 34.731€ (2019:13.892,40 €; 2020: 20.838,60 €)

05. Investigación-Acción-Formación para fortalecer a educación e integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia. Fase I.

Axente: Arquitecturas Sen Fronteiras - Demarc. Galicia

Código/ s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto consiste no deseño, elaboración, execución e avaliación do conxunto de accións que ASF Galicia focaliza nos centros educativos de secundaria e na facilitación de espazos de formación para axentes multiplicadores neste campo. Deste xeito, inicia un proceso en catro fases, que aglutina accións de sistematización, investigación-acción, e accións de formación sobre o dereito ao hábitat coa poboación de secundaria do IES Ramón Menéndez Pidal e axentes multiplicadores ligados a ela (docentes, profesionais da arquitectura ligados a procesos participativos, educativos, educación non formal, alumando destas disciplinas etc.).

O seu obxectivo é contribuír ao desenvolvemento dunha cidadanía crítica e activa na defensa do Dereito ao Hábitat en Galicia desde un enfoque de DDHH, do ecofeminismo e enfoques ecosociais.

A poboación directa son 100 alumnos/as de primeiro da ESO, os seus docentes, orientación e equipo directivo aínda que as accións transcenden as aulas e chega ao resto da comunidade educativa. Tamén axentes multiplicadores que participan nas actividades e que se identifican como axentes multiplicadores clave polo seu labor presente ou futura na educación formal. Tamén se involucran e benefician neste proxecto o propio grupo de educación de ASF, un grupo de profesorado da UDC e voluntariado.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao desenvolvemento dunha cidadanía crítica e activa na defensa do dereito ao hábitat en Galicia.

Obxectivo específico: incrementar o coñecemento das problemáticas e as capacidades relacionadas coa defensa do dereito ao hábitat no contexto educativo de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia.

Poboación beneficiaria:

Directa: o conxunto de poboación beneficiaria son 373 persoas (144 homes e 229 mulleres), configurada polo conxunto do profesorado de secundaria, o alumnado de secundaria, os profesionais de arquitectura (axentes multiplicadores chave), o profesorado universitario da UDC e o voluntariado de ASF.

Indirecta: o conxunto de poboación beneficiaria son 600 persoas (300 homes e 300 mulleres), conformada polo conxunto de alumnado de secundaria e o alumnado

de centros educativos participantes do Proxecto Terra no Plan Proxecta que teñan contacto cos materiais elaborados.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 34.860,00 € (2019: 13.944,00 €; 2020: 20.916,00 €)

06. De Ítaca a Ávalon: Da igualdade na educación á coeducación para a transformación social e polo dereito a unha vida libre de violencias machistas. Fase I.

Axente: InteRed Galicia

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento
Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto "De Ítaca a Ávalon: Da igualdade na educación á coeducación para a transformación social e polo dereito a unha vida libre de violencias machistas", pertencente ao Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pretende abrir un novo proceso de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global pensado nun horizonte a tres anos, que fará especial incidencia en desenvolver a corrente da coeducación nos diferentes espazos educativos nos que se vai a traballar.

O obxectivo principal deste proxecto é promover unha cidadanía crítica, activa e responsable, comprometida coa promoción de sociedades libres de violencias machistas a través da coeducación para a transformación social acorde á Axenda 2030 e aos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS).

Este proxecto circunscríbese principalmente aos territorios de Trazo, Arzúa e Lalín onde se vai desenvolver a intervención no ámbito escolar e, deste xeito, afianzar a dimensión comunitaria. Por outra banda, de cara á incidencia comunitaria, outro gran colectivo destinatario serán persoas próximas a InteRed, ben sexa voluntariado ou persoas que realizan formacións con InteRed e que aumenta a posibilidade de réplica das metodoloxías e lóxicas da intervención.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: promover unha cidadanía galega crítica, responsable e comprometida coa erradicación das desigualdades sociais e especialmente coa promoción de sociedades libres de violencias machistas (ODS 4, 5), desde a coeducación.

Obxectivo específico: impulsar procesos de coeducación en comunidades próximas aos contextos de intervención (especialmente en espazos do ámbito escolar e non escolar) con capacidade para reflexionar sobre as desigualdades sociais con enfoque de xénero.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa suma un total de 338 persoas (237 mulleres e 106 homes), configuradas entre pro-

fesorado, persoal educador, alumnado, as ANPA/AFA, Servizos Sociais e voluntariado.
Indirecta: a poboación indirecta suma un total de 2.201 persoas (1.242 mulleres e 959 homes), entre familias, persoas doutros tipos de servizos municipais, profesorado que forme parte do claustro docente, equipa de orientación e dirección e alumnado doutros centros escolares que non forme parte do proceso e os que logo recibirán as intervencións.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 34.971,32 €
(2019: 13.988,53 €; 2020: 20.982,79 €)

07. *Investigando no territorio para coñecer e recoñecer os centros educativos que traballan educación para o desenvolvemento e cidadanía global en Galicia. Fase II.*

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) agrupada coa Universidade da Coruña (UDC)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa
Descrición: o presente proxecto é a continuación lóxica da labor emprendida a longo de 6 anos polo mesmo grupo de persoas, ampliando sempre a participación a outros axentes. O mesmo configura un estudo de tipo cualitativo no que se emprega un conxunto de técnicas e procedemento como a cartografía social, investigación-acción participativa, as observacións, as entrevistas, análise de datos, informantes chave..., que se titula *"Investigando no territorio para coñecer e recoñecer os centros educativos que traballan educación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia (FASE II)"*. Entre as pretensións principais destácase a creación da I Convocatoria do Premio Galego de ED, a integración curricular da ED na formación inicial universitaria das titulacións de Grao en Educación Social, Grao en Educación Primaria e Grao en Educación Infantil para contar con futuros profesionais da educación formados en ED, e o deseño participativo dun instrumento de investigación, baixo a metodoloxía da cartografía social que permite a realización dun mapeamento para identificar as experiencias e os centros educativos que traballan ED no noso territorio.

Este proxecto realizarase nos centros educativos e universidades da provincia da Coruña, contando cun total aproximado de 3.411 persoas beneficiarias, entre as que se inclúe: profesorado e alumnado de universidade, profesorado e alumnado de secundaria, centros de formación permanente ao profesorado, investigadoras, xurado avaliador do premio e ONGD.

Obxectivos:
Obxectivo xeral: coñecidos e recoñecidos os centros educativos que traballan en educación para o desenvolvemento e cidadanía global en Galicia.
Obxectivo específico: identificadas as experiencias de ED desenvolvidas por cen-

tros educativos da provincia da Coruña e recoñecido o labor dos centros educativos galegos que traballan ED a través dun premio.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa é un total de 1.123 persoas (755 mulleres e 368 homes), un total configurado por investigadoras, profesoras universitarias, alumnado universitario, centros de formación permanente ao profesorado, docentes de centros educativos docentes que se presenten ao premio, persoas que formen o xurado avaliador e persoas que reciban nos lugares estratéxicos nos que se difunde o coñecemento xerado da investigación.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta é un total de 2.288 persoas (1.106 mulleres e 578 homes), un total configurado por ONGD que traballan na ED en Galicia, as equipas técnicas, o alumnado e profesores de ciencias da educación da UDC e profesorado e alumnado dos centros educativos cos que se colabora.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 43.377,67 € (2019: 17.351,07 €; 2020: 26.026,60 €)

08. Adestro Conciencia: deporte, comercio xusto e consumo responsable comparten valores en Galicia. Fase III.

Axente: Taller de Solidaridad

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: afondando nos conceptos de comercio xusto e educación para o desenvolvemento xorde o proxecto Adestro Conciencia, onde o deporte é usado como ferramenta para a sensibilización e educación para o desenvolvemento nos ámbitos educativos e deportivos. Un proxecto global de sensibilización e educación para o desenvolvemento: educativo, de investigación e mobilización social, cuxa fase I comezou en setembro do 2017 co apoio da Xunta de Galicia. Ata o momento o proxecto fixo as súas actividades en 4 cidades galegas, 13 centros educativos, 13 clubs deportivos e máis de 1.000 participantes e 13 actividades deportivas coas que axudan a achegar o consumo responsable e Comercio Xusto aos máis novos, desde un enfoque de igualdade de xénero.

Nesta identificación da Fase III inclúense algúns dos aprendizaxes dos primeiros dous anos do proxecto e tamén da avaliación feita ata o momento da fase I.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao desenvolvemento dunha economía social e solidaria, rexida polos valores da cooperación, democracia, cidadanía global, igualdade, solidariedade e medio ambiente, onde as relacións comerciais apóianse nos princi-

pios e valores do comercio xusto e dunha economía global e solidaria, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentables (ODS).

Obxectivo específico: sensibilizar a comunidade educativa de 11 centros educativos e usuarios/as de 11 clubs deportivos galegos, e 2 entidades sociais sobre o impacto que os nosos hábitos de consumo provocan nas persoas que producen o que compramos e consumimos, e ofrecer alternativas de comercio xusto (CJ) e consumo responsable desde un enfoque inclusivo e igualitario, ligado a un acto san e cotián como o deporte.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación directa configúrana un total de 1.121 persoas (629 homes e 492 mulleres), das cales a maioría (991) son menores cun rango de idades comprendido entre 12 e 15 anos, que entraron xa na adolescencia.

Indirecta: a poboación indirecta configúrana un total de 2.850 persoas (1.400 homes e 1.350 mulleres), entre menores e persoas adultas.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 31.869,65 € (2019:12.747,86 €; 2020:19.121,79 €)

09. Outra Historia! - Oh!

Axente: ONG Ecos do Sur agrupada con USC

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto Outra Historia!-Oh! é unha iniciativa cuxa misión é a xeración dunha rede capacitada cun aparato organizado e materiais necesarios para propoñer novas interpretacións da sociedade intercultural. A clave do programa é capacitar a esas persoas como axentes de cambio, como activistas da rede, na xeración dunha narrativa alternativa común (traballando con ONG, centros formativos, universidades e persoas do ámbito social). Deste xeito, desde a entidade propón: elaborar ferramentas e actividades de traballo sobre os diferentes enfoques da realidade e as narrativas alternativas; capacitar a persoas do eido social e educativo como axentes de transformación social sobre o uso e creacións de narrativas alternativas, e realizar accións de difusión.

As accións deseñadas no presente proxecto están orientadas a formar a diferentes actores sociais, principalmente a activistas, axentes de cambio, mozos/as e persoas inmigrantes en estratexias de transformación narrativa da sociedade destinadas a combater o discurso do odio e as narrativas discriminatorias na internet, mellorando a convivencia cidadá e a cohesión social e preservando a diversidade e a multiculturalidade. Do mesmo xeito pretende formar unha rede de persoas implicadas na defensa dos DDHH.

Este proxecto, lévase a cabo a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, traballando en colaboración con axentes clave para o seu correcto desenvolvemento (voluntariado, persoas usuarias) e con persoas pertencentes a outras asociacións ou entidade, que farán de axentes multiplicadores dos procesos. Tamén se realizarán actividades en centros educativos das provincias da Coruña e Pontevedra, principalmente.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: reducir nas redes sociais o discurso de odio xenófobo e discriminatorio contra as persoas estranxeiras ou racializadas.

Obxectivo específico: aumentar a presenza de narrativas alternativas nas redes sociais arredor das migracións e a diversidade.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa é un total de 615 persoas (198 homes e 417 mulleres), configuradas por mocidade, profesorado de centros educativos, axentes sociais e responsables de comunicación de entidades sociais, e persoas migrantes e/ou racializadas.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta é un total de 91.868 persoas (46.043 homes e 45.825 mulleres), configurada pola poboación estranxeira residente en Galicia susceptible de ataques e discurso do odio, persoas achegadas a cada unha das beneficiarias das accións de formacións e accións de intervención en narrativas alternativas ás redes sociais.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 27.607,44 € (2019:11.042,98 €; 2020:16.564,46 €)

10. Fortalecemento da Rede de Eco Hortas escolares.

Axente: Amigos da Terra

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: a proposta que expoñemos ten como obxectivo específico promover unha cidadanía concienciada e participativa na construción de modelos alimentarios máis sustentables. Traballarase a partir dunha liña de acción focalizada na educación formal, dentro dunha rede de traballo colaborativo de recente creación ao redor das hortas escolares.

O proxecto enfócase desde unha perspectiva global, que pretende afondar nas hortas ecolóxicas escolares, como recurso educativo de gran potencial para reflexionar sobre a insustentabilidade global do noso modo de vida e os impactos que ten na conservación do planeta, así como posibilitar a reconexión das novas xeracións co coidado da terra e co cultivo dos alimentos.

As súas liñas de acción son:

» Introducir o enfoque de cidadanía global nos proxectos de hortas escolares da comunidade escolar galega.
» Facilitar a utilización da agricultura ecolóxica como recurso educativo na comunidade escolar galega.

As actuacións propostas inciden especialmente en colectivos con alta capacidade de réplica (docentes, familias...) combinando diferentes dimensións da EpD (sensibilización, formación e participación e mobilización social).

Obxectivos:

Obxectivo xeral: promover unha cidadanía concienciada e participativa na construción de modelos alimentarios máis sustentables.
Obxectivo específico: promovidos espazos e recursos para o traballo en produción ecolóxica e alimentación sustentable na educación formal en Galicia.

Poboación beneficiaria:

Directa: a estimación de poboación participante é de 596 persoas e 11 centros escolares, todos eles como beneficiario/as directos/as, as cales, tendo en conta as liñas de acción lévanos a unha achega potencial de 11 centros, escolares galegos, 8 ANPAS, 22 docentes, 550 nenos/as e 24 pais e nais de alumnos/as.
Indirecta: como participantes indirectos estímanse as comunidades educativas dos centros que se integrarán na Rede de Hortas Escolares (300 alumnos/as de media por cada un dos centros, en total 2.400).

Axuda Xunta de Galicia: 18.020,00 € (2019: 7.208,00 €; 2020: 10.812,00 €)

11. Rede Solidaria da Mocidade: cidadanía global, apoderamento e participación para o cambio social dos grupos solidarios no curso 2019/2020.

Axente: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto pretende dar continuidade ás accións do programa de educación para a solidariedade e a cidadanía global e de participación xuvenil Rede Solidaria da Mocidade (RSM) que se executa en Galicia desde 2004. Este programa ofrece ás comunidades educativas unha estrutura estable de participación, que facilita procesos de capacitación e apoderamento que, á súa vez, incrementan as competencias de compromiso social e cidadanía global dos mozos e mozas galegas nos seus centros de ensino. Ademais, favorece a súa formación nas temáticas de cidadanía global, así como a reflexión e concienciación sobre os problemas sociais locais e globais no marco dos ODS.
Este programa ten por obxectivos, en primeiro lugar, xerar unha identidade e conciencia de cidadanía global para o cambio e a transformación social nos mozos e mozas de entre 12 e 18 anos no ámbito dos seus centros educativos; e, en segundo lugar, facilitar a súa

participación, favorecendo o seu apoderamento, protagonismo e traballo conxunto con outros e en rede. A RSM ofrece á mocidade e ao profesorado un proceso e estrutura estable de participación e educación para a cidadanía global a través de accións formativas, de encontro e de intercambio, de planificación de accións solidarias, de avaliación e de participación social mediante as que exercer e ver fortalecidos os procesos persoais e colectivos de cidadanía global necesarios para promover o cambio social.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: promover en Galicia a construción dunha cidadanía global concienciada, crítica, participativa e comprometida coa xustiza e a solidariedade, coa erradicación da pobreza e das desigualdades, a promoción do desenvolvemento humano sustentable e o exercicio pleno dos dereitos, colaborando coa consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable
(ODS).

Obxectivo específico: os mozos, mozas e profesorado da Rede Solidaria da Mocidade exercen o seu dereito á participación e desenvolven as competencias de cidadanía global para o cambio social e o apoderamento xuvenil durante o curso 2019/2020.

Poboación beneficiaria:

Directa: as persoas beneficiarias directas serán 170 rapazas e 70 rapaces (240 en total) de entre 12 e 18 anos, estudantes do ensino secundario e do bacharelato; 2 voluntarios e 6 voluntarias mozas (8 en total) de EC de entre 18 e 27 anos; e 10 profesoras e 2 profesores (12 en total) de 9 centros de ensino secundario de Galicia.

Indirecta: indirectamente, serán beneficiarias as 240 familias dos rapaces e rapazas participantes, así como as comunidades educativas dos 9 centros participantes no proxecto na súa totalidade, unhas 2.500 persoas (825 homes e 1.675 mulleres) entre alumnado, profesorado, equipos directivos e persoal non docente).

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 35.000 € (2019: 14.000 € ; 2020: 21.000 €)

12. Fame Cero: Formación, participación e mobilización educativa polo dereito humano á alimentación no marco dos ODS. Fase II.

Axente: Manos Unidas

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: este proxecto desenvolve a Fase 2 dunha intervención trienal (2018-2021) en Educación para o Desenvolvemento (EpD) e a Cidadanía Global promovida por Manos Unidas (MU) en Galicia nas dimensións de sensibilización, formación, educación e mobi-

lización social polo dereito humano á alimentación no marco do ODS 2 "Fame cero".

Adecúase aos intereses identificados dos colectivos participantes e prestará unha atención específica aos centros educativos de zonas rurais, de menos de 50.000 habitantes ou centros educativos urbanos que estean situados en zonas de risco de exclusión social. Como novidade, este curso 2019/2020 incorporarase un centro de educación especial (Príncipe Felipe de Santiago de Compostela).

Obxectivos:

Obxectivo xeral: construír unha cidadanía global crítica e comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable no marco da loita contra a fame e a promoción da realización do dereito humano á alimentación.

Obxectivo específico: promovidos entre a cidadanía e a comunidade educativa galega valores, hábitos, actitudes e estilos de vida máis solidarios e sustentables no marco do ODS 2 "Fame Cero".

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa é un total de 4.925 persoas, conformado por profesorado, alumnado adulto e menores das actividades formativas e de voluntariado.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta é un total de 17.504 persoas, entre profesorado, alumnado adulto e menores das actividades formativas e voluntariado.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 35.000 € (2019: 14.000 €; 2020: 21.000 €)

13. Coidadoras da Terra. Creando pontes entre a sociedade civil do Golfo de Fonseca (Honduras) e de Galicia na protección do territorio como sustento de vida.

Axente: Enxeñería Sen Fronteiras (ESF)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: este proxecto pretende traballar de cara a consecución dunha cidadanía crítica e solidaria, facendo especial énfase no uso da tecnoloxía para o desenvolvemento humano e o ben común, apostando por un modelo de educación emancipador que promova a cidadanía global (internacionalismo) a través do traballo colectivo das problemáticas globais partindo das realidades locais analizadas en diferentes sociedades do mundo, e poñéndoas en contacto para que se compartan e se recoñezan.

Así mesmo, traballa a prol de tres aspectos da defensa da terra e o territorio que ESF vén traballando en Honduras e Galicia nos últimos anos, e no que soe ser clave o uso de tecnoloxía que non ten en conta a realidade socioambiental: o dereito á auga, o dereito á alimentación, e o dereito á información e a

tecnoloxía necesaria para aseguralo, a través da electrónica ética e a mobilización para a defensa do territorio ante as ameazas do extractivismo incontrolado das grandes mineiras para explotar os materiais imprescindibles para a fabricación de dispositivos electrónicos de uso masivo.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír a crear unha cidadanía cunha visión global solidaria e transformadora, consciente das agresións ao territorio e aos recursos imprescindibles para a vida e a súa relación nun mundo globalizado, e disposta a combatelas.

Obxectivo específico: crear pontes entre a sociedade civil do Golfo de Fonseca e de Galicia e concienciación no eido do activismo pola protección da terra e o territorio e o papel das mulleres neste.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa é un total de 1.030 persoas adultas, entre as que se atopan activistas de Galicia e alumnado estudante universitario dunha idade comprendida entre 18 e 25 anos.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta é un total de 2.600 persoas, contando co resto de estudantes, activistas e poboación xeral.

Evaluación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 25.000 € (2019)

14. Construíndo cidadanía global para a transformación social a través da Aprendizaxe-Servizo (ApS).

Axente: Farmacéuticos Mundi agrupada coa Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: a presente proposta emana das necesidades, colaboracións e sinerxías establecidas ao longo dos procesos anteriores (2017-2018-2019), introducindo actualmente un proxecto de ECG presentado en agrupación de entidades entre Farmamundi e a USC a través do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), co obxecto de fortalecer as capacidades da comunidade universitaria galega en materia de aprendizaxe-servizo e promover procesos de transformación social que contribúan á construción dunha cidadanía global máis comprometida coa defensa dos dereitos humanos, a través da ApS. Esta proposta educativa, considerada unha innovadora técnica educativa que fusiona ensinanza, aprendizaxe e compromiso social, "Aprender facendo un servizo á comunidade", será o elemento central da proposta presentada.



Así mesmo, estes son os bloques de problemáticas aos que se enfoca a proposta:

Desde unha mirada global, os grandes desafíos da humanidade, participando e chamando á implicación nos ODS e na defensa e promoción dos dereitos humanos (con énfase na saúde e a equidade de xénero no marco dun desenvolvemento humano sustentable).

A debilidade das sinerxías entre axentes que camiñan na mesma dirección.

O necesario avance na construción de cidadanía que pensa globalmente e actúa localmente, complementando o currículo académico universitario e vinculándoo a accións contextualizadas no contorno próximo.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á construción dunha cidadanía global en Galicia, consciente e comprometida co desenvolvemento humano no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).

Obxectivo específico: fortalecer as capacidades da comunidade universitaria en Galicia para promover procesos de transformación social que contribúan á construción dunha cidadanía global con equidade de xénero a través da proposta educativa da aprendizaxe-servizo.

Poboación beneficiaria:

Directa: as persoas beneficiarias directas son un total de 920, entre as que se atopan 36 profesores e 59 profesoras (95 en total) de entre 28 e 65 anos da USC; 503 alumnos e 297 alumnas (800 en total) de entre 18 e 25 anos, estudantes universitarios da USC; e 25 entidades sociais, con ámbito de intervención en Galicia, que participan na implementación de servizos da contorna universitaria da USC.

Indirecta: as persoas beneficiarias indirectas serán 106 profesores e 179 profesoras (285 en total) de entre 28 e 65 anos da USC; 888 alumnos e 1.512 alumnas (2.400 en total) de entre 18 e 25 anos, estudantes universitarios da USC; e 122 homes e 128 mulleres, persoas usuarias de entidades sociais, que desenvolven e promoven accións de construción de cidadanía global en Galicia.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 33.828,76 € (2019: 6.828,76 €; 2020: 27.000 €)

6.2 Convocatoria 2018 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

01. Rede Solidaria da Mocidade: cidadanía global, apoderamento e participación para o cambio social dos grupos solidarios no curso 2018/19

Axente: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 35.000,00 € (2018: 14.000,00 €; 2019: 21.000,00 €)

02. Tecendo Redes: promovendo a agricultura e a alimentación sustentables en Galicia

Axente: Amigos da Terra

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 31.030,00 € (2018: 12.412,00 €; 2019: 18.618,00 €)

03. Comunidades educativas transformadoras desde a ética dos coidados por unha cidadanía local e global II

Axente: Fundación Intered

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 34.941,34 € (2018: 13.976,54 €; 2019: 20.964,80 €)

04. Fame Cero: Sensibilización cidadá e formación, participación e mobilización educativa polo dereito humano á alimentación no marco dos ODS-Fase I

Axente: Manos Unidas

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 35.000,00 € (2018: 14.000,00 €; 2019: 21.000,00 €)

05. *Adestramento Conciencia: Deporte, comercio xusto e consumo responsable comparten valores en Galicia-Fase II*

Axente: Fundación Taller de Solidaridad

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 34.780,58 € (2018: 13.912,23 €; 2019: 20.868,35 €)

06. *Proxecto de difusión do dereito ao hábitat desde un enfoque transdisciplinar e de xénero a través da formación e sensibilización de axentes multiplicadores clave e alumnado de secundaria na cidade da Coruña*

Axente: Arquitectura Sen Fronteiras, demarcación Galicia, agrupada coa Universidade da Coruña

Código/s CRS: 99820

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 43.850,00 € (2018: 17.540,00 €; 2019: 26.310,00 €)



07. *Mellora da capacidade de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado e do profesorado de secundaria de Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Vilagarcía*

Axente: Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 34.460,40 € (2018: 13.784,16 €; 2019: 20.676,24 €)

08. *Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego*

Axente: Asemblea de Cooperación Pola Paz (ACPP) agrupada coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 45.000,00 € (2018: 18.000,00 €; 2019: 27.000,00 €)

09. CibeRespect II

Axente: Ecos do Sur

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 34.950,56 € (2018: 13.980,22 €; 2019: 20.970,34 €)

10. Horizonte 2030: Construíndo liderados positivos para unha xuventude galega transformador-segunda fase, da aprendizaxe á acción e máis

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 31.018,50 € (2018: 12.407,40 €; 2019: 18.611,10 €)

11. Investigando no territorio para coñecer e recoñecer os centros educativos que traballan educación para o desenvolvemento e cidadanía global en Galicia

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia agrupada coa Universidade da Coruña

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 37.374,25 € (2018: 14.949,70 €; 2019: 22.424,55 €)

12. Da reflexión á acción a través da aprendizaxe-servizo solidario. Sensibilización da comunidade universitaria galega en materia de DDHH, saúde global e equidade de xénero desde o videoactivismo e o teatro social

Axente: Farmacéuticos Mundi

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 34.997,92 € (2018: 13.999,17 €; 2019: 20.998,75 €)



13. Campaña Mundial pola Educación 2019 en Galicia

Axente: Fundación Ayuda en Acción, agrupada con Fundación Entreculturas Fe y Alegría,



Fundación Educación y Cooperación (Educo) e Fundación Taller de Solidaridad

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 16.605,00 € (2018: 6.642,00 €; 2019: 9.963,00 €)

6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2019

No ano 2019 asináronse dous convenios de colaboración para levar a cabo os seguintes proxectos no ámbito da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

01. Convenio de colaboración con Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asemblea de Cooperación Pola Paz (ACPP) para a execución do proxecto "Cooperación galega: O mundo que queremos 2019-2020".

Axente: Solidariedade Internacional Galicia (SIG), Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asemblea de Cooperación Pola Paz (ACPP)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o presente proxecto constitúese como a VII edición dunha iniciativa que conta con dúas características diferenciais que condicionan cada unha das fases e elementos que a compoñen; dunha banda, o feito de formar parte do Plan Proxecta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e doutra, o feito de aspirar a ser un proxecto colectivo e participado polo maior número posible de entidades e colectivos galegos con experiencia no eido da EDCG das que, no momento da presente formulación son 4 entidades. Ambos os feitos inciden directamente no obxecto, contidos e metodoloxía deste.

Nesta nova edición de Cooperación Galega; o mundo que queremos seguirase profundando en dúas áreas importantes do proxecto: fortalecer o grupo que se desenvolve a través dunha formación que permita crear marcos teóricos comúns entorno a EDCG, fortalecer as ferramentas de comunicación interna, protocolarizar actuacións propias do proxecto e promover unha dimensión externa do proxecto, non soamente as comunidades educativas dos centros participantes, se non de cara á cidadanía das vilas e cidades onde están eses centros así como tamén, a través da participación en foros educativos (congresos, xornadas etc.) e organizando espazos de encontro cos actores e actrices que forman parte do proxecto abertos a cidadanía en xeral.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio ao exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

Obxectivo específico: contribuír ao fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa da presente proposta concéntrase no ámbito da educación formal, e máis concretamente en Centros de Educación Secundaria, abarcando un total de 500 alumnos/as por centro e 14 docentes (8 mulleres e 6 homes). Segundo as porcentaxes de homes e mulleres habituais nas aulas galegas, se dividirían en 200 rapaces e 300 rapazas.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta calcúlase que será un total de 3.730 persoas, tendo en conta os dous grupos diferenciados que a configuran (persoas achegadas ao alumnado directo e membros do claustro achegados aos docentes beneficiarios).

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 70.000,00 € (2019: 17.269,87 €; 2020: 52.730,13 €)

02. Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto "Cooperación local no mundo global".

Axente: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto "Cooperación local no mundo global", que se vai realizar ao longo do 2019, xorde da experiencia acumulada do Fondo Galego nos seus 22 anos de vida, así como das demandas e vontades das administracións locais socias do Fondo Galego. O vínculo e o encontro con Portugal e con países da lusofonía, supón unha novidade a destacar do proxecto que se considera de máximo interese para o municipalismo galego.

O proxecto, que ten como obxectivo específico promover a implicación dos concellos e deputacións galegas no cumprimento dos ODS e a cooperación ao desenvolvemento, fundaméntase nestas dúas dimensións:

» Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable: proponse nesta ocasión unha actividade máis práctica que permita aos concellos resolver todas aquelas cuestións operativas que lles dificulta poñer en marcha liñas concretas de acción en torno aos ODS, como os intercambios con municipios portugueses. Estes teñen percorrido na implementación dos ODS nos seus territorios, o que permitirá achegarnos a cuestións concretas da xestións e exemplos concretos que facilmente se poden extrapolar á realidade galega.

» Cooperación ao desenvolvemento: para promover unha maior implicación e responsabilidade dos concellos e deputacións galegas na área de cooperación ao desenvolvemento e difusión dos ODS, propóñense actividades que permitan escoitar os principais desafíos e logros acadados polo municipalismo nos países de lingua oficial portuguesa, ser impulsoras dunha rede constituída por municipios de países lusófonos xunto con Galicia e establecer vínculos máis estreitos ao nivel local.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fortalecidas, con sinerxía e coordinación, as políticas públicas municipais de cooperación ao desenvolvemento e a consecución dos ODS.

Obxectivo específico: promovida a implicación dos concellos e deputacións galegas no cumprimento dos ODS e a cooperación ao desenvolvemento.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa está formada por un total de 3.013 persoas, pertencentes a entidades locais socias do Fondo Galego, administracións locais galegas, entidades do sistema galego de cooperación, representantes políticos e técnicos da Rede Municipalista Solidaria do Fondo Galego e da Coordinadora Galega

de ONGD, das entidades locais de países de lingua oficial portuguesa e de entidades so sur.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta estímase en 646 persoas.

Axuda Xunta de Galicia: 60.000 € (2019)

6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2018

Co orzamento de Cooperación Exterior de 2019 déuselle cobertura ao compromiso financeiro correspondente á anualidade 2019 do seguinte convenio, asinado en 2018:

Convenio de colaboración con Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO), Asemblea de Cooperación Pola Paz (ACPP) e Fundación Educación e Cooperación (Educo) para a execución do proxecto Cooperación galega: O mundo que queremos 2018-2019

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO), Asemblea de Cooperación Pola Paz (ACPP) e Fundación Educación e Cooperación (Educo)

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 70.000,00 € (2018: 30.000,000 €; 2019: 40.000,00 €)

6.4 Convocatoria 2019 de proxectos e de creación de grupos de investigación para o desenvolvemento

No ano 2019 publicouse a convocatoria para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento.

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións para proxectos desenvoltos polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) nalgunha das dúas modalidades seguintes:

a) A realización de proxectos de investigación sobre cooperación para o desenvolvemento, incluída a educación para o desenvolvemento, e sobre a aplicación da tecnoloxía para o desenvolvemento humano.

É necesario que os proxectos sexan relevantes para a cooperación para o desenvolvemento e o seu contido estea claramente relacionado con esta área. Non son financiables nesta convocatoria as colaboracións científicas sen esta dimensión.

b) A creación de grupos de investigación, unidisciplinares ou multidisciplinares, interuniversitarios ou non, no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, que teñan como obxectivo principal a especialización na investigación en cooperación para o desenvolvemento, que consolide liñas de investigación nesta materia no SUG.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 28 de maio de 2019.

Trátase dunha convocatoria plurianual cunha dotación total de 150.000 €.

Presentáronse 14 proxectos (2 para creación de grupos de investigación e 12 para proxectos de investigación) que obtiveron a puntuación mínima para ser aprobados, se ben a dotación da convocatoria só permitiu o financiamento de 5 deles. A convocatoria resolveuse o día 9 de agosto e publicouse a concesión de subvencións no DOG do 8 de outubro de 2019.

Os proxectos aprobados son os seguintes:

01. Formación teórica e metodolóxica, elaboración, aplicación e validación de materiais educativos no Programa de Educaçao Bilingue de Mozambique.

Axente: Universidade de Vigo. Facultade de Filoloxía e Tradución. Dpto: Tradución e Lingüística.

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Universidade Eduardo Mondlane, Mozambique

País: Mozambique

Rexión: África Subsahariana

Descrición: este proxecto é a consolidación de un convenio de cooperación entre a Universidade Eduardo Mondlane e a Universidade de Vigo, para o desenvolvemento de proxectos, accións e propostas relacionadas coa Lingüística Aplicada, nomeadamente no eido da educación bilingüe.

O seu obxectivo principal é contribuír a avanzar cara un modelo de educación bilingüe baseado nas linguas indíxenas mozambicanas mediante o Programa de Educação Bilingue (PEB), o cal debe superar as limitacións do actuais e recoñecer a necesidade formativa do profesorado como formador de futuros profesionais que desenvolverán o seu traballo no programa vixente ou futuro da educación bilingüe en Mozambique.

Para isto o proxecto parte dunha proposta de investigación-acción participativa sustentada na estreita colaboración con profesorado da Universidade Eduardo Mondlane, a máis antiga e prestixiada de Mozambique. En concreto, con este proxecto preténdese contribuír a superar algunhas das principais problemáticas que están limitando a efectividade da educación bilingüe en Mozambique: produción de materiais de ensino e aprendizaxe, formación sociolingüística do profesorado, desenvolvemento de metalinguaxe e de terminoloxías científico-técnicas nas linguas bantú.

A aproximación a este obxectivo materialízase co traballo con 5 escolas integradas no PEB, cada unha cunha lingua mozambicana diferente, co propósito de convertelas en escolas piloto dun proxecto máis ambicioso consistente en estender nos vindeiros anos esta metodoloxía a todas as linguas mozambicanas.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á formación de profesores/as e de formadores/as de

profesores/as que traballan no eido da educación bilingüe en Mozambique.

Obxectivo específico:

» Deseñar e producir materiais didácticos sobre o ensino bilingüe para seren usados por docentes que desenvolven o seu traballo no PEB. En concreto, 1 guía didáctica específica e 2 repertorios terminolóxicos científico-técnicos para cada unha das 5 linguas seleccionadas.

» Ofrecer 2 seminarios de formación sociolingüística (20 horas cada un) orientada á educación bilingüe para profesores/as e formadores/as de profesores/as universitarios de Mozambique.

» Establecer unha rede de traballo colaborativo entre a Universidade Eduardo Mondlane e a Universidade de Vigo en materia de formación, ensino e produción de materiais relacionados coa educación bilingüe.

» Promover cambios positivos e sustentables ao longo do tempo na praxe da execución do actual PEB en Mozambique.

» Potenciar a motivación para o ensino-aprendizaxe das linguas bantú en todas as provincias mozambicanas.

» Implementar a perspectiva de xénero no deseño e produción de recursos lexicográficos e materiais para o ensino-aprendizaxe das linguas bantú co fin de contribuír a construción dun espazo formativo e de encontro na aula que promova a equidade como valor fundamental.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa é conxunto de profesores/as e de formadores/as de profesores/as que traballan no eido da educación bilingüe en Mozambique. Concretamente, intervirase en 5 escolas integradas no PEB, cada unha cunha lingua mozambicana diferente, co propósito de convertelas en escolas piloto dun proxecto máis ambicioso consistente en estender nos vindeiros anos a metodoloxía do proxecto a todas as linguas mozambicanas.

Indirecta: a poboación indirecta é o conxunto da mesma que habita nas provincias mozambicanas, e tanto ao seu proceso de ensino-aprendizaxe das linguas bantú.

Axuda Xunta de Galicia: 30.000 € (2019: 15.000 €; 2020: 15.000 €)

02. Creación do "Grupo interuniversitario de investigación en cooperación técnica para o desenvolvemento sustentable".

Axente: Universidade da Coruña. ETS de Camiños, Canais e Portos. Dpto: Enxeñería Civil, agrupada con Enxeñería Sen Fronteiras Galicia e Arquitecturas Sen Fronteiras Galicia

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: este grupo, que está próximo ás ONGD máis relevantes de Galicia no eido da Enxeñería e da Arquitectura –Enxeñería Sen Fronteiras e Arquitectura Sen Fronteiras– convenia con estas dúas organizacións para

traballar en concorrencia na "Creación dun Grupo interuniversitario de investigación en cooperación técnica para o desenvolvemento sustentable".

O traballo das persoas que o conforman adscríbese á área de coñecemento da enxeñería e da arquitectura, aínda que cada unha delas achegase a esta área de coñecemento desde dimensións parciais. Conséguese así ter unha ampla representación das disciplinas que conforman o hábitat humano: tecnoloxía dos materiais, procesos construtivos, auga e saneamento, enerxía, sistemas e infraestruturas urbanas, financiamento, dereitos e xénero, habitabilidade básica, sustentabilidade, cartografía.

Este grupo de investigación –e a súa rede de persoas colaboradoras– xorde como consecuencia da actividade da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, e da colaboración de PDI do eido técnico en actividades relacionadas coa cooperación e a axenda 2030, sexa como parte da acción investigadora propia, ou sexa como colaboración con ONGD ou outros axentes de cooperación.

O grupo está formado por persoas con traxectoria estable e consolidada, xa recoñecida e avaliada polas axencias destinadas a esta tarefa. O seu obxectivo colectivo común está vinculado á cooperación técnica ao desenvolvemento sustentable. Coa presentación ante a cooperación galega ao abeiro da convocatoria para a formulación de grupos de investigación mostran a súa vontade de traballar colectivamente en concorrencia na xeración de coñecemento técnico como instrumento da cooperación ao desenvolvemento sustentable e a promoción dos dereitos humanos. Mostran tamén a súa disposición a poñer ese coñecemento ao servizo dos restantes axentes da cooperación ao desenvolvemento de Galicia e do seu contorno.

Obxectivos:

Obxectivo xeral/ específico: os obxectivos dos proxectos xa realizados polas persoas do grupo enmárcanse no eido dos ámbitos estratéxicos do IV Plan director da cooperación galega: a promoción do dereito ao hábitat, o acceso a auga e a un saneamento básico, a protección dos recursos hídricos, a promoción dunha soberanía alimentaria e unha agricultura en gandería sustentable, o apoderamento da muller nas comunidades rurais, a participación activa etc.

O que o grupo achegará é, por una banda, fomentar liñas de investigación complementarias para que traballen en conxunto e incorporen progresivamente un enfoque multidisciplinar aos proxectos. Desta interacción espérase unha mellora da calidade dos proxectos. Pola outra banda, deseñaranse estratexias comúns para mellorar a eficacia dos proxectos.

Poboación beneficiaria:

Directa: o grupo de investigación está formado por 11 persoas –6 homes e 5 mulleres– que pertencen ao cadro de persoal das tres universidades públicas de Galicia, adscritas á área de coñecemento da enxeñería e da arquitectura, aínda que cada unha delas se achegase a esta área de coñecemento desde dimensións parciais.

Indirecta: o grupo de investigación referido nuclea arredor seu a un grupo de persoas

colaboradoras constituído por outras 26 persoas do ámbito académico das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Axuda Xunta de Galicia: 35.000 € (2019:17.500 €; 2020:17.500 €)

03. A EDCG na formación dos profesionais da educación: construíndo o ámbito de educación. As titulacións da Facultade de Ciencias da Educación da USC. Fase II.

Axente: Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Ciencias da Educación. Dpto: Pedagoxía e Didáctica, agrupada con Solidariedade Internacional de Galicia

Código/s CRS:
99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento
11182 Investigación educativa

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto "A EDCG na formación dos profesionais da educación: construíndo o ámbito de educación. As titulacións da Facultade de Ciencias da Educación da USC. Fase II" pretende contribuír á construción do ámbito de educación da EDCG a través da súa inserción e análise na formación inicial dos profesionais da educación que se forman na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para xerar unha cidadanía máis crítica e máis comprometida coa sustentabilidade e os retos globais. A proposta está incardinada na análise dos resultados obtidos no Proxecto I para avanzar cara a tres eixes fundamentais:

» O coñecemento das premisas e contidos que o alumnado manexa sobre EDCG, a cooperación internacional, a sustentabilidade, o desenvolvemento, os grandes retos globais e a competencia global.

» A formación do profesorado da facultade na materia da EDCG.

» A avaliación e análise de resultados de prácticas específicas tomando como referencia a EDCG.

Obxectivos:
Obxectivo xeral: contribuír á construción do ámbito de educación da EDCG a través da súa inserción e análise na formación inicial dos profesionais da educación que se forman na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para xerar unha cidadanía máis crítica e máis comprometida coa sustentabilidade e os retos globais.

Obxectivo específico:

OE 1. Actualizar o estado da arte sobre a EDCG con especial atención a traballos ou experiencias que reforcen a construción dos procesos educativos, a intervención e a formación dos profesionais da educación.

OE 2. Afondar no marco da explicación da intervención educativa en procesos formais e non formais a partir da EDCG.

OE 3. Afondar nos coñecementos e premisas sobre cooperación, desenvolvemento, sustentabilidade e grandes retos globais

do alumnado da comunidade educativa obxecto de estudo, así coma na súa cronoloxía de adquisición nas titulacións.
OE 4. Mellorar a formación do profesorado participante no proxecto e calquera outro da facultade que queira incorporarse sobre EDCG e a súa inclusión na intervención educativa.
OE 5. Coñecer os principais ámbitos de inserción da EDCG destes docentes na súa práctica de aula e detectar os ámbitos con máis resistencias.
OE 6. Mellorar a formación do alumnado da facultade, futuros profesionais da educación.
OE 7. Sistematizar boas prácticas, mantendo activas e analizando en detalle actividades na EDCG que demostren obter bos resultados.
OE 8. Pór en marcha e analizar os resultados de iniciativas de grande impacto na formación do alumnado como son as prácticas en terreo.
OE 9. Dar a coñecer os resultados da investigación a través de canles de divulgación e canles académicos.

Poboación beneficiaria:

Directa: para a execución deste proxecto cóntase cun total de 34 persoas –27 mulleres e 7 homes–, configurado por 23 investigadoras e investigadores da USC, 7 persoas expertas externas e 4 persoas doutorandas en formación e coa ONGD Solidariedade Internacional de Galicia.

Axuda Xunta de Galicia: 30.000 € (2019: 15.000 €; 2020: 15.000 €)

04. Mediación lingüística para a cooperación ao desenvolvemento.

Axente: Universidade de Vigo. Facultade de Filoloxía e Tradución. Dpto: Tradución e Lingüística

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto "Mediación lingüística para a cooperación ao desenvolvemento (MELINCO)" busca contribuír a protección dos dereitos lingüísticos na cooperación ao desenvolvemento a través dunha serie de accións que redunden nunha mediación lingüística de calidade entre o persoal das ONGD e as persoas usuarias e destinatarias das súas accións de cooperación, desde unha perspectiva de dereitos humanos.

MELINCO é, pois, un proxecto de investigación pero cunha aplicabilidade directa no traballo que fan as ONGD xa que contribuirá a eliminar as barreras lingüísticas e culturais que afrontan as persoas máis vulnerables, garantindo así os dereitos humanos e as liberdades fundamentais que son cruciais para o desenvolvemento sustentable, a gobernanza inclusiva, a paz e a equidade social, tal e como está previsto na Axenda 2030.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír a mellorar a comunicación entre as ONGD e as comunidades coas que traballan e coas que non comparten a mesma lingua.

Obxectivo específico:

» Realizar unha análise diagnóstica das necesidades de mediación lingüística e cultural (necesidades de interpretación, tradución e barreiras culturais) que existen entre o persoal das ONGD e as poboacións estranxeiras coas que traballan, con especial atención as prácticas habituais e posibles vulneracións dos dereitos lingüísticos das persoas usuarias.

» Deseñar unha formación específica para o persoal das ONGD sobre como traballar con intérpretes profesionais de forma eficaz (técnicas de interpretación e tradución, dinámicas de traballo práctico a través de intérpretes, código deontolóxico, obrigas de confidencialidade, lexislación internacional que ampara o dereito a tradución e interpretación, sexo da persoa que interpreta etc.) e sobre como previr problemas de mediación lingüística cando se fai con persoal propio das ONGD.

» Sensibilizar sobre os enormes riscos de traballar con intérpretes ad hoc e/ou sen formación especializada en contextos de cooperación ao desenvolvemento.

» Impartir a formación deseñada no marco do proxecto por persoal docente cualificado ao persoal das ONGD.

» Realizar as traducións profesionais culturalmente adaptadas dos materiais detectados polas ONGD como prioritarios (documentos informativos e impresos institucionais para a tramitación sobre cuestións administrativas, xurídico-sociais e/ou sanitarias, documentos de traballo cos países en vías de desenvolvemento etc.) cara ás linguas de traballo nos países de cooperación e dando prioridade ao portugués pola importancia da lusofonía neste contexto.

» Crear unha guía de boas prácticas profesionais para traballar con intérpretes no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

» Consolidar novas liñas de investigación universitaria en cooperación para o desenvolvemento, especialmente unha liña de traballo multidisciplinar en cooperación ao desenvolvemento desde o ámbito da protección dos dereitos lingüísticos e culturais.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria está conformada por un total de 8 persoas, involucradas directamente na investigación. Así como alumnado das universidades de Vigo e A Coruña e persoal laboral das ONGD.

Axuda Xunta de Galicia: 30.000 € (2019: 15.000 €; 2020: 15.000 €)

05. Cooperación para o Desenvolvemento Litoral Sustentable (Cátedra UNESCO)

Axente: Universidade de Vigo, Cátedra UNESCO. Facultade de Ciencias do Mar. Dpto: Xeociencias mariñas e ordenación do territorio

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: grupo de investigación en Cooperación para o Desenvolvemento Sustentable do Litoral que se aspira a constituír a través desta convocatoria, está formado por profesores e profesoras de diferentes ámbitos de coñecemento baixo o denominador común dos estudos ambientais, económicos e xurídicos relacionados co desenvolvemento territorial. Agrega investigadores que desenvolven a súa actividade en planificación territorial, ecoloxía urbana e do territorio, economía aplicada aos servizos ecosistémicos, riscos ambientais e dereito administrativo no campo do urbanismo e medio ambiente, nas universidade de Vigo (campus de Vigo e Ourense) e Santiago de Compostela e en centros de ensino secundario.

A actividade do grupo de investigación enmárcase principalmente no obxectivo 11 dos ODS: cidades e comunidades sustentables. En particular, na meta 11.3, "De aquí a 2030, aumentar a urbanización inclusiva e sustentable e a capacidade para a planificación e a xestión participativas, integradas e sustentables dos asentamentos humanos en todos os países".

O presente proxecto preséntase ao abeiro da Cátedra UNESCO en desenvolvemento litoral sustentable da Universidade de Vigo, cuxo principal obxectivo é a unión de intereses investigadores, docentes, económicos e sociais no espazo litoral e marítimo, para a consecución dun desenvolvemento litoral sustentable, e que garante a valorización do patrimonio natural e cultural, en concorrencia coas prioridades e obxectivos da UNESCO.

Os países obxectivo do grupo serán, no corto prazo, aqueles pertencentes á rexión de África Subsahariana e incluídos na lista de países obxectivo da Cooperación Galega: Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: unir os intereses de investigadores, docentes, económicos e sociais no espazo litoral e marítimo, para a consecución dun desenvolvemento litoral sustentable, e que garante a valorización do patrimonio natural e cultural, en concorrencia coas prioridades e obxectivos da UNESCO.

Obxectivo específico: desenvolver instrumentos para a planificación territorial utilizables en países en vías de desenvolvemento, analizando os servizos ecosistémicos e os potenciais riscos ambientais, co fin de desenvolver normativas aplicables nos distintos países.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa sería o grupo de persoas investigadoras do proxecto, configurado por un total de 9 persoas (2 mulleres e 7 homes).

Indirecta: a poboación beneficiarias indirecta será a poboación das rexións de rexión de África Subsahariana, Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.

Axuda Xunta de Galicia: 25.000 € (2019: 12.500 €; 2020: 12.500 €)



07 Actuacións de consolidación e fortalecemento

7.1 Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento

Como en anos anteriores, no 2019 asinouse un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, co obxectivo de continuar fortalecendo o tecido das ONGD galegas e da propia coordinadora. Así mesmo, continúase co apoio ao convenio de colaboración coas tres universidades galegas que ten por obxectivo fortalecer o Sistema universitario galego como axente de cooperación para o desenvolvemento a través do fortalecemento da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

7.1.1 Convenios de colaboración do ano 2019

01. Mellora das capacidades da Coordinadora para fortalecer ás ONGD galegas e promover obxectivos compartidos de mellora da política pública de cooperación ao desenvolvemento a nivel local e autonómico e de transformación social en Galicia.

Axentes: Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: A Coordinadora Galega de ONGD aglutina na actualidade a 46 ONGD e recibe desde o ano 2005 o apoio orzamentario da Xunta de Galicia para o seu fortalecemento institucional. Esta concatenación de apoios por parte da Xunta de Galicia ten consolidado un modelo organizativo con funcións adaptadas ás necesidades do sector. Non obstante, aínda que a estrutura da coordinadora ten sido estable nos últimos anos, a política pública de cooperación ao desenvolvemento, tanto no ámbito autonómico como no estatal, acumula anos de profunda crise. Os recortes nos orzamentos das diferentes administracións poñen ao sector das ONGD nunha difícil tesitura nun contexto global sumido nunha profunda



crise. É por isto que se deben crear os mecanismos que garantan, non só a resistencia e supervivencia das ONGD, senón a paulatina transformación cara ás novas lóxicas de funcionamento que demanda á sociedade civil a nova axenda internacional.

O actual proxecto pretende establecer as liñas que permitan:

» Seguir mellorando e reforzando os servizos dirixidos ás ONGD con criterios de eficacia, impacto e satisfacción ofrecidos desde a ST: asesoramento, comunicación externa e interna etc.

» Impulsar a mellora continúa e a actualización e adaptación das ONGD a través da formación técnica, pero tamén da innovación, do intercambio de experiencias e do fomento de procesos de reflexión sobre o seu propio labor e o papel da política na que se inscriben, a política de cooperación ao desenvolvemento. Tamén do impulso de boas prácticas ao interno das organizacións para que estas sexan quen de dar reposta, como organizacións da sociedade civil, ao retos que propón o novo contexto internacional.

» Propiciar mecanismos e procesos oportunos para que a coordinadora continúe actuando coa máxima lexitimidade como representante das ONGD galegas. Conseguindo aglutinar a unha parte representativa do sector activo en Galicia, e, para seguir sendo a institución a través da cal se articula a acción conxunta e planificada

cara unha serie de obxectivos comúns definidos e acordados de forma participada.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD para o desenvolvemento.

Obxectivo específico: mellorar das capacidades da coordinadora para fortalecer ás ONGD galegas e promover obxectivos compartidos de mellora da política pública de cooperación ao desenvolvemento a nivel local e autonómico e de transformación social en Galicia.

Axuda Xunta de Galicia: 90.000 € (2019)

7.1.2 Convenios de colaboración do ano 2018

01.Convenio de colaboración coas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a execución do proxecto Fortalecemento da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento 2018-2019

Axente: Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 82.577,00 € (2018: 42.570,00 €; 2019: 40.007,00 €)



08 Formación

8.1 Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento

A Orde do 14 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 foi publicada no DOG o 28 de maio. Recibíronse un total de 46 solicitudes. A convocatoria foi resolta o 7 de agosto e publicada a concesión no DOG do 16 de setembro, adxudicándose dúas bolsas con destino na DXRREE e coa UE e catro bolsas con destino nas OTC do Perú, Guatemala, A República Dominicana e Mozambique.

As bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento contan cunha duración de 12 meses e teñen a finalidade de complementar a formación académica das persoas tituladas universitarias con estadías na sede da DXRREE e coa UE ou nas Unidades de Cooperación no Exterior (UCE) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto



no convenio subscrito entre esta axencia e a Xunta de Galicia.

O orzamento para estas bolsas foi de 95.000 € (40.000 € para 2019 e 55.000 € para 2020), ao que hai que engadirlle o orzamento correspondente para a cobertura da Seguridade Social das persoas bolseiras.

8.2 Cursos formación

Curso monográfico "A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas galegas" 1.ª edición.

A DXRREE e coa UE, en colaboración coa Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, organizou un curso sobre *"A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas galegas"*, que se celebrou na EGAP os días 17 e 18 de xuño e que tivo por obxecto proporcionar os coñecementos e as competencias necesarias para que o persoal ao servizo da Administración autonómica, das administracións locais e das universidades galegas poidan aplicar os principios e contidos da Axenda 2030 nas súas áreas de traballo.

8.3 Outras actividades formativas

» No marco do convenio de colaboración asinado no ano 2018 coas tres universidades galegas para o proxecto de Fortalecemento da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento 2018-2019,



impártense cursos de formación sobre os ODS e a implementación da Axenda 2030 nas tres universidades. Así mesmo, foi aprobado no mes de outubro o contido do MOOC *(Massive Online Open Courses)* sobre desenvolvemento sustentable e Axenda 2030, que permite ofertar a formación básica sobre cooperación e Axenda 2030 de maneira sustentable no tempo e ampliar así a máis alumnado a oferta formativa. Ademais, a Universidade de Santiago de Compostela organizou a finais do mes de novembro o "VIII Congreso Universidade e Cooperación ao Desenvolvemento".

» Ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa Coordinadora Galega de ONGD para a execución do proxecto "Mellora das capacidades da Coordinadora para fortalecer as ONGD galegas e promover obxectivos compartidos de mellora da política pública de cooperación ao desenvolvemento a nivel local e autonómico e de transformación social en Galicia", impartíronse cursos de formación para o fortalecemento do persoal técnico das ONGD galegas orientados á avaliación de proxectos e iniciativas de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global (EpDCG), así como ao ciberactivismo para identificar e combater discursos de odio, aos que asisten tamén persoas doutras organizacións e colectivos.

Así mesmo, levouse a cabo unha formación en colaboración coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, dirixida ao profesorado de



educación secundaria e incluído na programación do Centro Autonómico de Formación e Información (CAFI) da mencionada consellería.

» Ao abeiro do convenio de colaboración asinado co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto "Cooperación local no mundo global" impartiuse, por unha banda, unha formación práctica, "Intercambios con municipios portugueses sobre a implementación e localización dos ODS", permitindo achegar cuestións concretas da xestión e exemplos que poidan extrapolarse á realidade galega e, por outra banda, a organización no mes de novembro en Santiago de Compostela do "Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía: Os municipios, pezas clave do desenvolvemento" coa asistencia de representantes de Galicia, Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Cabo Verde e São Tomé e Príncipe e co que se pretendeu, ademais de escoitar os principais desafíos e logros acadados polo municipalismo nos países de lingua oficial portuguesa, ser impulsor dunha rede constituída por municipios de países lusófonos xunto con Galicia, para establecer vínculos máis estreitos ao nivel local.





09 Coordinación interadministrativa

9.1 Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode)

O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) é o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento e está adscrito ao departamento da Xunta de Galicia competente nesa materia.

No ano 2019 tiveron lugar dúas xuntanzas do pleno do Congacode: unha o 15 de xaneiro





para aprobar o Plan anual 2019 e outra o 25 de novembro na que se lle deu o visto bo por unanimidade ao Plan anual 2020 e ao anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

As xuntanzas do Consello completan as xuntanzas bilaterais que tanto o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda Valenzuela, como os representantes da DXRREE e coa UE mantiveron cos representantes do sector ao longo do ano 2019.

9.2 Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global

No mes de setembro de 2019 tivo lugar unha nova reunión do grupo de traballo na que se informou sobre os avances que se están a producir no ano 2019 no cumprimento da Estratexia de Educación para o Desenvolvemento, entre os que se poden destacar os seguintes:

- Por vez primeira se ten posto en marcha unha avaliación ex-post das intervencións máis significativas financiadas desde 2010 ata 2017.
- Tras aumentar a dotación da convocatoria de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, en 2019 non quedou ningún proxecto aprobado sen

financiamento por esgotamento de crédito orzamentario.

» Estase a lles dar continuidade aos convenios máis destacados neste ámbito subscritos co Fondo Galego, a Coordinadora Galega de ONGD e as tres universidades galegas, así como ao proxecto *"Cooperación Galega: o mundo que queremos"*, no marco do Plan Proxecta.

Ademais, froito das coordinacións que se producen no marco deste grupo de traballo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional aprobou incluír, dentro do seu Plan de Formación, un curso sobre a materia de educación para o desenvolvemento, que se impartiu no mes de novembro, coa colaboración da Coordinadora Galega de ONGD.

9.3 Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia

A Comisión Interdepartamental de Seguimento da Axenda 2030 xorde como resposta á necesidade de abordar a implementación dos ODS en Galicia a nivel gobernamental, promovendo a transversalidade e a coherencia de políticas na Xunta de Galicia.

Esta Comisión, concibida como un órgano de coordinación e colaboración en materia de sustentabilidade, constituíuse en xaneiro de 2019 e o seu funcionamento está regulado polo Decreto 142/2019, do 31 de outubro, polo que se crea a Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia.



Está presidida pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e ten as seguintes funcións:

» Coñecer as iniciativas, plans, programas e convenios existentes nos ámbitos cubertos polos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e levar a cabo un seguimento da súa execución.

» Estudar e propoñer novas accións para o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

» Instar a outras administracións e organismos públicos e privados para que impulsen as medidas necesarias para promover o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable en Galicia.

» Realizar un informe de seguimento sobre o progreso no cumprimento dos obxectivos e metas fixados na Axenda 2030, que será presentado ante o Parlamento de Galicia cada dous anos.

No seo desta comisión constituíronse tres grupos de traballo: un para o ámbito económico, coordinado polo director xeral de Planificación e Orzamentos; outro para o ámbito medioambiental, coordinado pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e un terceiro para o ámbito social, cuxa coordinación lle foi encomendada ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Como primeira actuación do Grupo de Traballo de ámbito social está a elaboración dun Estudo diagnóstico sobre a implantación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable de carácter social da Axenda 2030 na Xunta de Galicia.

9.4 XII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento

A Comunidade Autónoma das Illes Balears foi a encargada de organizar o XII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento, que tivo lugar os días 21 e 22 de febreiro en Palma de Mallorca e no que participaron representantes de todas as comunidades autónomas e da AECID.

O director xeral, Jesús Gamallo Aller, e persoal técnico da DXRREE e coa UE participaron nas distintas sesións, nas que se puxeron enriba da mesa as posicións políticas e a experiencia técnica sobre diversos temas que preocupan as comunidades autónomas no momento actual no que se atopa a cooperación descentralizada. Na súa intervención, o director xeral incidiu no compromiso de Galicia coa coordinación coa AECID e coas comunidades autónomas no eido da acción humanitaria, demostrado coa sinatura, en outubro de 2018, do novo Convenio entre a Cooperación Descentralizada e a AECID para a acción conxunta e coordinada da acción humanitaria. Así mesmo, puxo en valor o IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, tanto polo seu aliñamento coa Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, como polo reforzamento da identidade singular e as vantaxes comparativas, como polo valor engadido da cooperación galega, tanto a nivel xeográfico, cunha atención específica aos países africanos de lingua oficial portuguesa, como a nivel sectorial coa definición de cinco ámbitos estratéxicos de especialización.



Os representantes das comunidades autónomas debateron sobre os retos de futuro da cooperación descentralizada, buscando reforzar o seu valor diferencial, e sobre a necesidade de avanzar nos procesos de coordinación entre os diferentes niveis de Administración para lle dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, que define o marco global para a promoción do desenvolvemento dos próximos anos.

Ao longo do encontro repasáronse, entre outros temas de interese común, os retos da cooperación descentralizada a medio prazo desde diferentes perspectivas, a colaboración cos distintos axentes de cooperación, como as ONGD, as universidades ou os fondos locais, a cooperación técnica que desenvolven as comunidades autónomas e a coordinación de actuacións no eido da acción humanitaria.

9.5 I Xornadas nacionais de Educación para o Desenvolvemento e ODS

A Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia organizou do 28 de febreiro ao 1 de marzo as I Xornadas Nacionais de Educación para o Desenvolvemento e ODS, na que participou un representante da DXRREE e coa UE.

Estas xornadas nacen coa finalidade de sensibilizar e iniciar a docentes, profesionais que

traballan en educación non formal e membros da comunidade universitaria que desexan coñecer experiencias, metodoloxías e enfoques para iniciarse no enfoque da educación para o desenvolvemento e transferir esta mirada á actuación educativa do día a día dos centros educativos e as aulas.

9.6 Reunións de coordinación coa cooperación española

Ao longo de todo o ano 2019, representantes da DXRREE e coa UE asistiron ás distintas reunións que foron convocadas pola Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica e pola AECID para a coordinación coas comunidades autónomas e as entidades locais en diferentes ámbitos de actuación:

» *Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento do Consello de Cooperación para o Desenvolvemento*

Galicia participou regularmente nas xuntanzas do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento do Consello de Cooperación para o Desenvolvemento, na que están invitados representantes das comunidades autónomas.

» *Comisión de coordinación do Convenio para a programación conxunta da acción humanitaria*

No mes de outubro de 2019 asinouse a prórroga do Convenio entre a Cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria.



O dito convenio, que fora asinado o 3 de outubro de 2018 en Madrid, prevé na súa cláusula sexta a creación dunha comisión de coordinación, seguimento, vixilancia e control, cuxo regulamento de funcionamento forma parte do convenio.

Esta comisión ten como obxecto principal coordinar e decidir, buscando a unanimidade, as actuacións implementadas no marco do convenio, así como a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir.

A secretaría da comisión recae na AECID, mentres que a presidencia a exercen de forma rotatoria, por períodos de seis meses, as comunidades autónomas asinantes do convenio. No ano 2019 a comisión reuniuse en Santander o 30 de outubro, e nela decidiuse o destino dos fondos correspondentes a ese ano, que ascenderon a 1.550.000 €.

9.7 Convenio coa AECID para formación de persoas bolseiras nas UCE

No mes de outubro asinouse un convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a AECID, para que persoas bolseiras da Comunidade Autónoma de Galicia completen a súa formación nas Unidades de Cooperación no exterior (UCE).

O convenio ten por obxecto establecer as canles de colaboración entre a Xunta de Galicia e a AECID co fin de que os/as bolseiros/as da Comunidade Autónoma de Galicia completen a súa formación nas unidades de cooperación no exterior da AECID (oficinas técnicas de cooperación, centros iberoamericanos de formación ou centros culturais), situados en países nos que se estean executando proxectos de cooperación para o desenvolvemento subvencionados pola comunidade autónoma. En casos excepcionais e de acordo coas necesidades operativas e funcionais das UCE, poderán realizar este período no resto de unidades dependentes da AECID ou en proxectos de cooperación financiados pola propia axencia.

Este convenio substitúe o asinado no ano 2002 e para o mesmo obxecto, entre a Xunta de Galicia e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, co fin de adaptalo á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



10 Viaxes, visitas e actos institucionais

10.1 Viaxes de cooperación ao exterior

Viaxe a Cuba

No mes de xaneiro de 2019 o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo Aller, realizou unha viaxe a Cuba, en resposta a unha invitación de Unicef, para asistir ao acto oficial de entrega ás autoridades cubanas do Ministerio de Educación (MINED) dos equipamentos e subministracións necesarios para a restauración de tres círculos infantís (institucións de educación preescolar para nenos de entre 0 e 5 anos) no municipio da Habana do Leste; actividades executadas no ámbito do convenio de colaboración asinado con UNICEF para a rehabilitación de infraestruturas de educación preescolar e primaria na Illa tras o paso do furacán Irma.



Así mesmo, mantivéronse reunións coas autoridades cubanas do Ministerio de Educación, do Ministerio de Comercio Exterior e Investimento Estranxeiro, MINCEX, (encargado da cooperación internacional e da "Oficina del Historiador de la Ciudad de La Habana (OHCH)"), para analizar novas vías de colaboración xa que a Xunta estaría en disposición



de ofrecer cooperación técnica en ámbitos como o da pesca artesanal (a través do CETMAR) para aproveitar mellor os recursos da illa e apoiar a seguridade alimentaria, ou como o do planeamento urbanístico do que están necesitadas as cidades cubanas.

Viaxe a Guinea Bissau

No mes de xuño de 2019 realizouse unha viaxe institucional de seguimento de actuacións financiadas pola Xunta de Galicia en Guinea Bissau, considerado de novo país estratéxico para a cooperación galega no IV Plan director da cooperación galega.
A viaxe foi organizada en coordinación coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e a embaixada española en Guinea.

A delegación da Xunta de Galicia estivo composta polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda Valenzuela, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo Aller, e a subdirectora xeral de Cooperación Exterior, Pilar Romero Rodríguez.

O obxectivo fundamental da visita foi o de realizar o seguimento das actuacións financiadas pola Xunta de Galicia, ao tempo que se mantiveron diversos encontros institucionais con autoridades locais.







10.2 Visitas institucionais a Galicia

Durante o ano 2019 recibíronse na sede da DXRREE e coa UE visitas de representantes de diversas entidades de países do sur e de contrapartes no terreo dos axentes galegos de cooperación para o desenvolvemento:

» No mes de febreiro visitaron a sede da DXRREE e coa UE as seguintes persoas:

› O director da entidade guatemalteca *Centro experimental para el desarrollo de la pequeña y mediana empresa rural, S.C. (CEDEPEM),* Jose Luis Siguill, socio local no proxecto *"O Proxecto de transformación para o desenvolvemento do emprendemento e autoemprego de mulleres produtoras agroecolóxicas do municipio de Huitán, Quetzaltenango, Guatemala- "qya b´ant b´e (muller facendo camiño)"* financiado pola cooperación galega á organización Fundación Taller de Solidaridad no marco da convocatoria para proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior do ano 2018.

› O activista guatemalteco Damián Vail Alonzo, pertencente á Asociación Indígena Agropecuaria Prodesarrollo Integral (ASIAPRODI), socio local de Arquitectura sen Fronteiras en varios proxectos financiados pola cooperación galega.

» No mes de abril recibiuse a visita dos activistas salvadoreños Bianka Gabriela Rodríguez, presidenta e directora executiva de COMCAVIS TRANS e Marcos Ignacio Molina, en representación do colectivo LGBTI na organización ORMUSA, e mantívose con eles unha xuntanza á que asistiu



a secretaria xeral de Igualdade, que serviu para compartir a súa experiencia na loita polos dereitos dos seus colectivos. Esta visita está enmarcada no proxecto *Cooperación Galega: o mundo que queremos 2018-2019*, asistindo a ela os representantes das entidades executoras do dito proxecto.

» No mes de xuño recibiuse a visita do director do "Servicio Jesuita a Refugiados para la Educación y medios de vida" de Burundi, Francois Xavier Nsababandi, acompañado de representantes da Fundación Entreculturas Fe y Alegría, e enmarcada no Día Mundial das Persoas Refuxiadas.

» No mes de xullo mantívose unha reunión co cónsul honorario de España para o Eixe Cafeteiro colombiano (departamentos de Caldas, Quindío e Risaralda) e asesor de Relacións Internacionais do Departamento de Caldas, Jonathan Ballesteros Salazar, na que se expuxeron as accións que durante o último ano e medio estanse a levar a cabo, contribuíndo a unha intensificación das relacións entre o Departamento de Caldas e o Concello de Caldas de Reis, a Universidade de Vigo e algunhas empresas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desexo de ampliar os lazos de cooperación conxunta coa Xunta de Galicia.

» No mes de setembro recibiuse a visita da coordinadora da Rede Nacional de Defensoras de Dereitos Humanos en Honduras, Yessica Yamileth Trinidad Elvin, que é tamén representante da Rede Nacional ante a IM-Defensoras (integrante da coordinación colexiada e do grupo impulsor da articulación rexional) e integrante e fundadora da Coordinadora Nacional de Mulleres Indíxenas de Honduras (CONAMINH), recoñecida polo seu labor de acompañamento a defensoras e organizacións en situación de risco. Estivo acompañada pola directora da Iniciativa Mesoamericana de Mulleres Defensoras de Dereitos Humanos, Teresa Boedo Blanco, e dos representantes das entidades beneficiarias do convenio asinado pola Xunta de Galicia para o proxecto "Fortalecemento do enfoque de protección integral feminista para defensoras de dereitos humanos en Mesoamérica".

» No mes de outubro recibiuse a visita de Marta Merari Blandón, José Luis Siguill e Mariam Maricel Agustín, representantes das organizacións INPRHU Somoto de Nicaragua e CEDEPEM de Guatemala, socios locais en varios proxectos financiados pola cooperación galega á Fundación Taller de Solidaridad na convocatoria de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior do ano 2018.



» No mes de novembro recibíronse as seguintes visitas:

› Unha delegación do equipo itinerante da Fundación Entreculturas, Fe y Alegría da Amazonía brasileña, composta por Raimunda Paixão Braga, Laura Valtorta e Francisco Chagas Chafre de Souza, que estiveron acompañados por representantes de Entreculturas Galicia.

› A directora executiva de CIDEL (Centro Integral para el Desarrollo Local), Ana Vázquez, unha das contrapartes locais da Fundación Balms para la Infancia no proxecto *"Participación social no sistema educativo do Barrio Santa Lucía a través da xeración de capacidades nos titulares de dereitos, responsabilidades e obrigacións para unha educación inclusiva e de calidade en Santa Lucía, Santiago de los Caballeros, asociado ao Programa de Melloramento do Barrio Santa Lucía IDI República Dominicana - FASE II"* subvencionado pola cooperación galega no marco da convocatoria para proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior do ano 2018.





10.3 Actos institucionais

» Campaña Mundial pola Educación 2019

A Xunta de Galicia colaborou un ano máis nos actos da Campaña Mundial pola Educación (CME) que desde o ano 2008 conta con financiamento da cooperación galega.
O lema da campaña varía cada ano e o de 2019 é "Defendemos a educación, sostemos o mundo", que visibiliza a importancia da educación para a supervivencia do noso planeta e dos seus habitantes.

O acto central da CME de 2019 en Galicia tivo lugar o 21 de maio no Parlamento de Galicia, coa presenza do seu presidente e representantes dos partidos políticos, e nel 4 nenos e nenas presentaron as súas peticións a favor do dereito á educación e estiveron acompañados por profesores e compañeiros.



» XI Premio Nacional de Educación para o Desenvolvemento "Vicente Ferrer"

No mes de novembro tivo lugar en Madrid o acto de entrega de diplomas da XI edición do Premio Nacional de Educación para o Desenvolvemento "Vicente Ferrer", convocado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), en colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Nesta edición un dos centros galardoados foi o IESP Pedra da Aguia, de Camariñas (A Coruña), polo proxecto O cambio empeza no IESP Pedra da Aguia. Súmaste?, enmarcado no Plan Proxecta e no proxecto "Cooperación galega: O mundo que queremos".

O acto de entrega foi presidido pola ministra de Educación e Formación Profesional en funcións, María Isabel Celaá, e en representación da Xunta de Galicia asistiron ao acto o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, José Manuel Pinal Rodríguez, e a subdirectora xeral de Cooperación Exterior, Pilar Romero.



» VIII Congreso Universidade e Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento

No mes de novembro tivo lugar en Santiago de Compostela o VIII Congreso Universidade e Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, inaugurado polo director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo Aller, e que contou coa intervención da subdirectora xeral de Cooperación Exterior, Pilar Romero Rodríguez, na mesa redonda "Políticas e soporte institucional para a xeración de coñecemento desde a CUD". Este congreso, promovido polo grupo de traballo de cooperación da Comisión Sectorial CRUE-Internacionalización e Cooperación e apoiado polo Observatorio da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (OCUD), representa un punto de encontro das universidades para compartir experiencias e xerar oportunidades de novas aprendizaxes e alianzas.





11 Transparencia e rendición de contas

11.1 Publicacións

» Publicación do Informe 2018 da cooperación galega

Ao igual que nos últimos anos, no 2019 editouse en formato dixital o Informe 2018 da cooperación galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia.



11.2 Avaliacións

» Plan anual de avaliacións de proxectos no exterior

En liña co compromiso pola transparencia e a rendición de contas da cooperación galega, realizouse a avaliación final ex-post das intervencións financiadas en Honduras e O Salvador desde o ano 2010 ao 2017, coa finalidade de coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos, obter ensinanzas a aplicar nas intervencións avaliadas e valorar a continuidade do apoio específico da cooperación galega a intervencións similares executadas no mesmo territorio e coas correspondentes contrapartes.

Honduras e O Salvador foron considerados países prioritarios da cooperación galega en

todos os plans directores. Trátase de países nos que existen condicións favorables para que Galicia realice unha cooperación transformadora debido aos especiais vínculos culturais e lingüísticos coa rexión de América Latina e a presencia e experiencia de traballo acumulada polas organizacións socias.

En total avaliáronse 24 intervencións impulsadas por 9 axentes de cooperación en Honduras e O Salvador, financiadas a través de convocatorias públicas de subvencións e de convenios de colaboración.

» Avaliación de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

Incidindo no fomento dunha cultura avaliadora como elemento esencial das políticas públicas de cooperación, durante o ano 2019 realizouse una avaliación externa das intervencións mais destacadas no eido da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global no período 2010-2017, que permita, a través dunha sistematización dos principais resultados e leccións aprendidas, coñecer as debilidades e fortalezas da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia.

En total foron identificadas 10 intervencións que se corresponden coa execución de 56 proxectos, impulsadas por 13 axentes de cooperación e financiadas a través de convocatorias públicas de subvencións e de convenios de colaboración.

» Avaliación do programa de bolsas de formación en cooperación internacional

Desde o ano 2002, o órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento vén desenvolvendo un programa de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento, coa finalidade de complementar a formación académica das persoas tituladas universitarias con estadías na sede da DXRREE e coa UE ou nas Unidades de Cooperación no Exterior (UCE) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto no convenio subscrito entre esta axencia e a Xunta de Galicia.

Este programa desenvólvese a través da convocatoria anual de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento co fin de promover o desenvolvemento da carreira profesional no eido da cooperación e fornecer aos axentes galegos de cooperación de persoal técnico especializado.

Avaliáronse as convocatorias desde o ano 2002 ao 2018 co obxectivo de coñecer os resultados acadados e a situación profesional dentro ou fóra do sector da cooperación das persoas beneficiarias desde o comezo do programa de bolsas.

galicia

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA